O presente expediente ten por obxecto acordar a modificación da Ordenanza fiscal número 18, reguladora da taxa pola prestación de servizos do catálogo de servizos domiciliarios co fin de incorporar a redacción proposta no documento da Xefatura do Servizo de Servizos Sociais.

De acordo co anterior, a Alcaldía elaborou a Memoria que xustifica a modificación da ordenanza, e que consta dun Anexo co texto a aprobar.

A motivación para dar unha nova redacción resúmese en varios puntos conforme ao informe xurídico trasladado pola Área de Benestar Social:

-A eliminación das referencias aos servizos de comida e teleasistencia, baseándose en que a retribución da persoa usuaria non cumpre coa natureza xurídica de taxa, por non ser servizos de recepción obrigatoria, sendo necesario solicitalos, sen que sexan servizos prestados en monopolio por parte do sector público.

Indica no seu informe a maiores o Servizo de Servizos Sociais que a natureza da retribución da persoa usuaria non é recadatoria, polo que resulta paliativa do orzamento de gasto, minorando ademais a carga administrativa ao Concello.

- Modifícase o artigo 2, dedicado ao feito imponible, para distinguir entre o servizo de axuda no fogar nas súas distintas modalidades dos servizos complementarios (axudas técnicas ou profesionais).

- A revisión normativa do texto precisa dunha reformulación máis acorde coa legalidade respecto da determinación do suxeito pasivo, polo que se dá unha nova redacción ao artigo 3.

- No artigo 5 introdúcense táboas que configuran unhas novas regras de cálculo para o copago dos servizos.

- O antigo artigo 6 pasa a ser agora o artigo 7 (denominado “Xeración da taxa e período impositivo”), e se introducen nel os apartados 7.3 e 7.4 para regular de forma expresa as consecuencias da xestión da taxa nos casos de suspensións temporais ou baixas definitivas das persoas usuarias do sistema de axuda no fogar.



- O establecemento a través da Disposición final dunha *vacatio legis* de seis meses para a entrada en vigor da nova ordenanza, para garantir unha transición ordenada e acorde cos principios que rexen a actuación das administracións públicas entre o anterior sistema e o novo que se aproba.

- As normas de aplicación das tarifas pasan a figurar no artigo 6 e as normas de xestión no artigo 8.

- Así mesmo, o texto recolle unha petición do Servizo de Inspección de Servizos Comunitarios e Inclusión Social da Secretaría Técnica de Política Social da Xunta de Galicia, para aclarar a cota máxima de participación e a redución da cota respecto das persoas usuarias que reciban o servizo na modalidade de dependencia ou na de libre concorrência, na que suxire que se mellore a redacción dada respecto da suspensión ou da interrupción do servizo. As ditas suxestións trasládanse aos apartados 3 e 4 do artigo 6 e aos apartados 3 e 6 do artigo 8.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

A normativa de aplicación en relación co asunto de referencia é a seguinte:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

- Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria (LXT).

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).

- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (Lei de transparencia).

- Regulamento do Órgano para a Resolución das Reclamacións Económico Administrativas.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Potestade regulamentaria

De acordo co establecido no artigo 4.1 a) e b) da LBRL correspóndelles aos municipios, na súa calidade de administracións públicas territoriais, e dentro da esfera das súas competencias, as potestades regulamentaria e tributaria.

A potestade regulamentaria en materia tributaria, tal e como a regula o artigo 106.2 da mesma norma, exércese a través de ordenanzas fiscais reguladoras de tributos propios e de ordenanzas xerais de xestión, recadación e inspección. No mesmo sentido, pronúnciase o artigo 15.3 do TRLRFL.

Polo que se refire á aprobación da modificación da ordenanza fiscal obxecto deste expediente, o artigo 16.1 do TRLRFL establece que “os acordos de aprobación das ordenanzas fiscais deberán adoptarse simultaneamente aos de fixación dos elementos regulados naquelas”.



2.- Análise da modificación proposta

Respecto do artigo 2, onde dicía:

“ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE E OBRIGA DE CONTRIBUÍR:

Constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación dos servizos seguintes:

A. Axuda a domicilio nas súas tres modalidades: básico ou de libre concorrência, dependencia e por urxencia sobrevinda.

B. Axudas técnicas.

C. Teleasistencia.

D. Comida a domicilio”.

Agora quedaría redactado así:

“ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE E OBRIGA DE CONTRIBUÍR:

Constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación dos servizos seguintes:

“A. Servizo de axuda no fogar nas distintas modalidades.

B. Servizos complementarios de axuda no fogar (axudas técnicas ou profesionais)”.

Respecto do artigo 3, a nova redacción consiste na supresión da configuración do suxeito pasivo como solicitante e na indicación de que no caso de que a persoa receptora da prestación non teña capacidade de obrar pasará a ser suxeito pasivo o representante legal desta.

Respecto do artigo 5, relacionado coas tarifas, a modificación da redacción consiste en:

Apartado 1. Suprimir o extracto que dispón “en calquera das tres modalidades sinaladas no art. 2.A)”.

Apartado 2. Suprimir o extracto que dispón “de dependencia (segundo ou establecido no apartado 9.5 da Ordenanza Reguladora do Servizo de axuda a Domicilio: guindastre, cama articulada, podoloxía etc.)”.

Apartado 3 e 4: Suprimir os apartados na súa totalidade.

O antigo apartado 5 pasa a ser o novo apartado 3, cunha nova redacción, suprimindo o extracto que di “*excepto para o apartado 4 no que a tarifa será de aplicación íntegra en todos os casos*”. Nova numeración para o subapartado 5.1, que pasa a ser o subapartado 3.1., cunha nova táboa respecto da capacidade económica en referencia co IPREM e cos graos. Nova numeración e redacción para o subapartado 5.2, que pasa a ser o subapartado 3.2., e que fai referencia á táboa de copagamento dos servizos complementarios do servizo de axuda no fogar.

O contido do último apartado do antigo artigo 5, denominado “*Normas para a aplicación das tarifas*”, incorpórase con cambios nun novo **artigo 6**, “*Normas de aplicación das tarifas*”, introducindo as achegas do Servizo de Inspección de Servizos Comunitarios e Inclusión Social da Secretaría Técnica de Política Social da Xunta de Galicia, de tal forma que os apartados 3 e 4 quedarían redactados da seguinte forma:



“6.3.- En ningún caso a participación económica da persoa usuaria que reciba o servizo pola modalidade de dependencia poderá exceder do 90 por cento do custo de referencia do servizo prestado. No caso das persoas que accedan ao servizo pola modalidade básica establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

6.4.- No caso das persoas que reciban o servizo de axuda no fogar pola modalidade básica, a Xunta de Goberno Local poderá autorizar a redución, previo informe xustificativo dos Servizos Sociais, de ata o cento por cento do importe da cota a ingresar por cada persoa beneficiaria, para aquelas situacións que recolle o punto 2 do artigo 62 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento”.

Introdúcense dous novos apartados, o número 3 e 4, no artigo 7, que quedaría redactado desta forma:

“7.3.- Cando por causa debidamente xustificada a persoa usuaria deixe de recibir o SAF, o suxeito pasivo estará exento de aboar a cota mensual desde a data que se estableza na resolución acordando a suspensión. A suspensión da cota durará ata o primeiro día no que teña lugar a reincorporación da persoa usuaria ao servizo, procedendo ao rateo da cota da mesma forma que no inicio da prestación.

7.4.- Tamén se rateará a cota mensual nos supostos de baixa no servizo, que será efectiva dende a data que conste na resolución de finalización daquel”.

No artigo 8 introdúcense matices nos apartados 3 e 6.

A maiores, fanse melloras de carácter lingüístico.

3.- Procedemento

En canto ao procedemento de aprobación é de aplicación o previsto nos artigos 15 a 19 do TRLRFL. Os acordos provisionais de imposición e ordenación adoptados pola corporación someteranse á exposición pública por un prazo de 30 días hábiles, como mínimo. Igualmente, publicaranse os anuncios de exposición no BOP e nun diario dos de maior difusión da provincia da Coruña. Durante este prazo, aquelas persoas que teñan a condición de interesadas poderán examinar o expediente e presentar cantas reclamacións estimen oportunas.

Finalizado o período de exposición pública, o Concello adoptará o acordo que proceda, resolvendo as reclamacións presentadas e aprobando a redacción definitiva da modificación da ordenanza. Naqueles casos nos que non se presentaron reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

En todo caso, o acordo definitivo, incluíndo o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza ou da súa modificación, deberán publicarse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo a dita publicación.

Así mesmo, elaborouse un informe económico, de conformidade co artigo 25 do TRLRFL, que establece: “... Os acordos de establecemento de taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público, ou para financiar total ou parcialmente os novos servizos, deberán adoptarse á vista de informes técnico-económicos nos que se poña de manifesto o valor de mercado ou a previsible cobertura do custo daqueles, respectivamente. O dito informe incorporarase ao expediente para a adopción do correspondente acordo”.



4.- Competencia

En canto aos órganos competentes, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, previo ditame do Tribunal Económico Administrativo Municipal (artigo 137.1 b da LBRL e 2.b do Regulamento do TEAM), a aprobación do proxecto de modificación das ordenanzas fiscais (artigo 127.1. a) da LRBRL). Finalmente, correspóndelle ao pleno da corporación municipal a aprobación das ordenanzas fiscais (artigo 123.1.d da LBRL), por maioría simple de votos, de acordo co establecido no artigo 123.2 da LBRL. En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local que, previa deliberación e exame do expediente, proceda á adopción do seguinte acordo:

ÚNICO: Aprobar o proxecto de modificación da Ordenanza fiscal número 18, reguladora da taxa pola prestación de servizos do catálogo de servizos domiciliarios, co texto que figura no anexo deste documento, e a súa posterior remisión ao pleno da corporación municipal para a súa aprobación provisional.

A Coruña, na data da sinatura dixital deste documento electrónico

Rosario Carballo Gómez

Xefa do Servizo de Xestión Tributaria

Manuel Ángel Jove Losada

Director da Área de Economía e Facenda

José Manuel Lage Tuñas

Concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica



PROPOSTA DE TEXTO A APROBAR

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 18, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DO CATÁLOGO DE SERVIZOS DOMICILIARIOS

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Concello da Coruña, de conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establece a taxa pola prestación de servizos do catálogo de servizos domiciliarios, á que se refire o artigo 20.4 do propio real decreto legislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas se acomodan ao establecido no artigo 57 do real decreto legislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE E OBRIGA DE CONTRIBUÍR

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos seguintes:

- A. Servizo de axuda no fogar nas distintas modalidades.
- B. Servizos complementarios de axuda no fogar (axudas técnicas ou profesionais).

ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas que resulten directamente beneficiadas pola prestación dun ou varios servizos, xa sexa con carácter estable ou de forma temporal.

No caso de que as persoas anteriores carezan de capacidade de obrar, a obriga recaerá sobre quen ostente a súa representación legal.

ARTIGO 4. BENEFICIOS FISCAIS

Non serán aplicables outros beneficios fiscais máis que os expresamente previstos en normas con rango de lei e os derivados de tratados internacionais.

ARTIGO 5. TARIFAS

1 SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (por hora ou fracción) 13,08

2 SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

2.1	Limpeza extraordinaria (por hora ou fracción)	9,27
2.2	Podoloxía (por hora ou fracción)	16,48
2.3	Axudas técnicas (aluguer mensual)	
2.3.1	Cama articulada	46,35
2.3.2	Asento de ducha	5,15
2.3.4	Guindastre	61,80
2.4	Barbería (por hora ou fracción)	
2.4.1	Lavar e peitear	10,30
2.4.2	Corte de pelo	8,24
2.4.3	Lavar, cortar e peitear	16,48
2.5	Outros profesionais (fisioterapeuta, terapeuta ocupacional, etc), (por hora ou fracción)	
2.5.1	Titulados universitarios de grao medio	25,75
2.5.2	Titulados universitarios de grao superior	30,90

3. A efectos de determinar o importe a pagar polas persoas usuarias, establécense as seguintes porcentaxes en función da relación dos ingresos co IPREM.

3.1 Sobre as tarifas do apartado 1 as persoas usuarias deberán aboar as seguintes porcentaxes:



TABOA DE COPAGO DE SAF NA SÚA MODALIDADE DE DEPENDENCIA			
Capacidade económica (referenciada ao IPREM)	Grao I	Grao II	Grao III
Ata	<=37 h	<=64 h	<=94 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,73 %	14,36 %	21,97 %

Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa usuaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas do servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

TÁBOA DE COPAGO DO SAF NA SÚA MODALIDADE BÁSICA:	
CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
Menor de 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM	10%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM	20%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	40%
Maior de 2,50 e menor ou igual a 5 IPREM	60%
Maior de 5 IPREM	90%

3.2 Sobre as tarifas do apartado 2 as **persoas usuarias** deberán **aboar** as seguintes porcentaxes:



TÁBOA DE COPAGO SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DE SAF DEPENDENCIA:									
% Capacidade económica (referenciada ao IPREM)	Grao I			Grao II			Grao III		
Ata	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia e terapia ocupacional	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de produtos de apoio ou axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia e terapia ocupacional	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia e terapia ocupacional	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de produtos de apoio ou axudas técnicas
	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

ARTIGO 6. NORMAS DE APLICACIÓN DAS TARIFAS

6.1.- A aplicación das tarifas contidas no artigo 5 efectuarase tendo en conta:

A.- A capacidade económica da persoa beneficiaria.

B.- Os servizos domiciliarios recibidos en función das diferentes unidades de magnitude:

Horas de atención

Número e tipificación das axudas técnicas.

6.2.- A capacidade económica das persoas dependentes valoradas que teñan recoñecido un dereito de atención mediante o servizo de axuda no fogar calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do Título III do Decreto 149/2013, de 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención as persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias na financiación do seu coste, así como na restante normativa de aplicación.

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas das referidas no parágrafo anterior, o Concello regulará o cómputo da capacidade económica de acordo cos criterios establecidos no artigo 60 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e a súa financiación.

6.3.- En ningún caso a participación económica da persoa usuaria que reciba o servizo pola modalidade de dependencia poderá exceder do 90 por cento do custo de referencia do servizo prestado. No caso das persoas que accedan ao servizo pola modalidade básica establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

6.4.- No caso das persoas que reciban o servizo de axuda no fogar pola modalidade básica, a Xunta de Goberno Local poderá autorizar a redución, previo informe xustificativo dos Servizos Sociais, ata o cento por cento, do importe da cota a ingresar por cada persoa beneficiaria, para aquelas situacións que recolle o punto 2 do artigo 62 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

ARTIGO 7. XERACIÓN DA TAXA E PERÍODO IMPOSITIVO

7.1.- Xérase a taxa e nace a obriga de contribuír dende o mesmo día da prestación efectiva do servizo.

7.2.- O período impositivo coincidirá co mes natural e a cota terá carácter non reducible calculándose en función do número de días de



Concello da Coruña

prestación efectiva do servizo do mes en que se produce.

7.3.- Cando por causa debidamente xustificada a persoa usuaria deixe de recibir o SAF, o suxeito pasivo estará exento de aboar a cota mensual desde a data que se estableza na resolución acordando a suspensión. A suspensión da cota durará ata o primeiro día no que teña lugar a reincorporación da persoa usuaria ao servizo, procedendo ao rateo da cota da mesma forma que no inicio da prestación.

7.4.- Tamén se rateará a cota mensual nos supostos de baixa no servizo, que será efectiva dende a data que conste na resolución de finalización daquel.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN

8.1.- A xestión da taxa correspóndelle aos Servizos Sociais Municipais segundo o disposto na Ordenanza reguladora do servizo.

8.2.- A alta efectiva no servizo supón a orde irrevogable de domiciliación bancaria dos sucesivos recibos mensuais que se xeren, ata a baixa no servizo e será asinada pola persoa solicitante simultaneamente coa súa solicitude de prestación.

8.3.- A devolución de dúas cotas mensuais consecutivas ou tres alternas no prazo máximo de doce meses consecutivos, determinará a interrupción e posible suspensión do servizo, [previa instrución do expediente correspondente](#).

8.4.- Como consecuencia da alta, o suxeito pasivo darase por notificado das sucesivas liquidacións que se efectúen coas bases acordadas.

8.5.- Mensualmente, o órgano xestor aprobará as liquidacións e remitiralle á Tesourería os documentos e soportes necesarios para o cargo na conta en que estean domiciliados os cobros e o ingreso das cotas nos fondos municipais.

8.6.- [Na modalidade básica](#), a actualización da taxa realizarase en xaneiro. A estes efectos, as persoas usuarias do servizo presentarán anualmente, antes do 1 de decembro, a documentación necesaria relativa ás súas condicións económicas e/ou familiares, sen prexuízo da facultade desta Administración para comprobar e fiscalizar os ingresos declarados polas persoas usuarias.

8.7.- Se se acredita debidamente unha grave situación de perda económica sobrevinda, poderase actualizar a taxa en calquera momento do ano.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, que consta de oito artigos, foi aprobada polo pleno da corporación municipal da Coruña na sesión realizada o 06.11.2025, comezará a rexer aos seis meses da súa publicación no BOP e será de aplicación mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.



Área / Unidade ASISTENCIA SOCIAL AS0000B DFA	Documento 10519I0W2H	
Código de verificación 	Expediente 105/2025/5372	
1M05 5W3I 2Z5G 6X41 0V1T	Fecha 06-08-2025	

MEMORIA ECONÓMICA DE MODIFICACIÓN DE LA ORDENANZA FISCAL 18

La presente memoria económica se emite como documento anexo a la propuesta de modificación de la Ordenanza Fiscal número 18, reguladora de la tasa por la prestación de los servicios incluidos en el catálogo de servicios domiciliarios del Ayuntamiento de A Coruña. La modificación afecta a los servicios de teleasistencia, comidas a domicilio y ayuda en el hogar en sus distintas modalidades, incluyendo los servicios complementarios.

La modificación, como dispone el informe anexo, tiene dos finalidades compartimentadas: en primer lugar, para los servicios de teleasistencia y comidas a domicilio el fundamento no es otro que ajustar la retribución de los usuarios a la naturaleza jurídica que le asiste y, en el caso del servicio de ayuda a domicilio, su fundamento es el de ajustar el contenido de la Ordenanza Fiscal a la legislación y regulación vigente.

I. RELEVANCIA Y REPERCUSIÓN ECONÓMICA DE LA MODIFICACIÓN EN LA NATURALEZA JURÍDICA DE LAS RETRIBUCIONES DE LAS PERSONAS USUARIAS EN LOS SERVICIOS DE COMIDAS A DOMICILIO Y TELEASISTENCIA.

En los servicios de teleasistencia y comidas a domicilio, el cambio normativo obedece a la necesidad de ajustar la naturaleza jurídica de las retribuciones a cargo de las personas usuarias de estos servicios a lo dispuesto en el artículo 6 de la Ley 8/1989, de Tasas y Precios Públicos, y en los artículos 20 y 24 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales. Tanto el servicio de teleasistencia como el de comidas a domicilio son servicios de carácter voluntario y no prestados en régimen de monopolio por el sector público, por lo que no reúnen los requisitos necesarios para mantener su configuración como tasa.

Desde el punto de vista económico, la modificación propuesta no genera repercusiones relevantes para la Hacienda Municipal.

En el caso del servicio de teleasistencia, actualmente no se perciben ingresos por parte de las personas usuarias, de modo que la supresión de la tasa no conlleva merma alguna en los recursos municipales. En el caso de que en el futuro se establezca una aportación económica por parte de las personas usuarias, esta se articularía como una tarifa gestionada por la empresa adjudicataria, con un carácter meramente paliativo respecto al presupuesto de gastos del contrato. Su finalidad sería contribuir de manera moderada a la financiación del servicio, favoreciendo al mismo tiempo que el Ayuntamiento pueda garantizar su accesibilidad al mayor número posible de personas usuarias.

En cuanto al servicio de comidas a domicilio, la participación económica de las personas usuarias se vertebrará como un pago directo al adjudicatario del contrato (tarifa o precio privado), con una naturaleza estrictamente no recaudatoria. Esta aportación actúa como un mecanismo de cofinanciación de carácter paliativo respecto del presupuesto de gastos municipal, ya que contribuye a reducir parcialmente el coste que soporta el Ayuntamiento sin constituir un ingreso tributario ni una fuente de financiación estable para la Hacienda Local, pero garantizando a su vez la posibilidad de dar acceso al mayor número de personas al servicio.

Al configurarse como una tarifa o precio privado, este sistema permite que los recursos municipales se destinen prioritariamente a cubrir el grueso del contrato, liberando capacidad para que el servicio pueda extenderse a un mayor número de personas usuarias, especialmente en situaciones de vulnerabilidad social. La finalidad principal de esta aportación económica no es recaudar ni sostener el gasto público, sino garantizar la viabilidad y la accesibilidad del servicio, favoreciendo una mayor cobertura social sin generar cargas administrativas derivadas de la gestión de una tasa.

Por lo tanto, no existen repercusiones económicas relevantes ni diferentes por el hecho de suprimir las tasas de los servicios de comidas a domicilio y teleasistencia.



II. RELEVANCIA Y REPERCUSIÓN ECONÓMICA DERIVADA DE LA ADAPTACIÓN A LA LEGISLACIÓN VIGENTE DE LAS TABLAS RETRIBUTIVAS DEL SERVICIO DE AYUDA A DOMICILIO.

En lo relativo al Servicio de Ayuda a Domicilio, la modificación de la ordenanza tiene como finalidad incorporar los criterios de copago progresivo previstos en los Decretos 99/2012 y 149/2013 de la Xunta de Galicia, así como las tablas de participación económica que estos establecen. Con ello se asegura la coherencia de la normativa municipal con el sistema autonómico de financiación de los servicios sociales.

Desde la perspectiva económica, cualquier repercusión que pueda derivarse de la aplicación de estos copagos, ya sea positiva o negativa, resulta secundaria frente a la necesidad de adaptar la ordenanza a la normativa vigente. Es decir, es necesario abordar esta adaptación por imperativo legal, pero a pesar de ello, en lo que sucede se hará análisis de lo que en términos de recaudación puede suponer esta adaptación para la Hacienda Municipal.

SAD EN LA MODALIDAD DE DEPENDENCIA

En relación con el Servicio de Ayuda a Domicilio (SAD) en la modalidad de dependencia, se ha realizado un estudio económico tomando como referencia los datos correspondientes al mes de octubre de 2024. A dicha fecha, el servicio contaba con 617 personas usuarias, de las cuales 108 se encontraban exentas de pago conforme al sistema de copago vigente según la Ordenanza Fiscal número 18.

El análisis comparativo entre el sistema de copago municipal actual y el sistema de copago establecido por la normativa autonómica refleja una diferencia sustancial de recaudación mensual. Con la aplicación de la nueva normativa, la recaudación estimada alcanzaría 71.138,30 euros, mientras que con el copago actual del Ayuntamiento la recaudación es de 46.357,25 euros, lo que supone un 65 % menos.

El impacto referido a personas usuarias se distribuye de la siguiente forma:

- **EXENCIONES:**
Actualmente hay 108 personas exentas. 78 de ellas con el nuevo modelo seguirían exentas, mientras que 30 de ellas comenzarían a hacer una aportación moderada. [entre 0,30 €/hora y 1,81 €/hora según los casos]
- **REDUCCIONES:**
De las personas usuarias, 18 experimentarían una reducción en su aportación con la aplicación de la nueva normativa con descensos de entre 0,01 €/hora a -0,37 €/hora.
- **INCREMENTOS:**
Las 491 personas restantes experimentarían un incremento en el copago, siendo el efecto más habitual una subida de entre el 30 % y el 50 % sobre la cuota que pagan en la actualidad.

En términos generales, el nuevo sistema de copago tiene como finalidad principal alinear la participación económica de las personas usuarias con su capacidad económica real, garantizando la progresividad y favoreciendo la equidad en la financiación del servicio.

CUADRO DE SÍNTESIS DE LA NUEVA SITUACIÓN:

Nº de personas usuarias total:	617
Nº de personas exentas	78
Nº personas exentas que comienzan a pagar:	30
Nº personas que experimentan una reducción en el copago:	18
Nº personas que experimentan un aumento en el copago:	491



CUADRO SÍNTESIS DE LOS INTERVALOS DE INCREMENTO Y EL NÚMERO DE PERSONAS AL QUE LE AFECTAN:

Intervalo de subida	Nº de personas
Entre 1% y el 9,99%	39
Entre 10% y el 19,99%	49
Entre 20% y el 29,99%	75
Entre el 30% y el 39,99%	164
Entre el 40% y el 49,99%	145
Entre el 50% y el 59,99%	17
Mas de 60%	2
Total	491

SAD EN LA MODALIDAD DE LIBRE CONCURRENCIA

En lo que respecta al Servicio de Ayuda a Domicilio en su modalidad de libre concurrencia, no resulta posible, en la actualidad, efectuar una estimación precisa del impacto económico derivado de la aplicación de las nuevas tablas de copago. Esta imposibilidad se fundamenta en que el Decreto 99/2012, de 16 de marzo, por el que se regulan los servicios sociales comunitarios y su financiación, introduce una metodología distinta para el cálculo de la capacidad económica de las personas usuarias, modificando la composición de los miembros computables de la unidad de convivencia respecto a la normativa anterior.

Para aplicar correctamente los nuevos criterios de copago previstos en dicho Decreto sería necesario recabar información económica adicional relativa a determinados miembros de la unidad familiar que actualmente no obra en poder del Ayuntamiento y que no puede requerirse formalmente hasta que se apruebe la modificación de la Ordenanza General reguladora del servicio, actualmente en tramitación. En consecuencia, mientras no se formalice esta adaptación normativa, no se dispone de los datos necesarios para realizar una proyección económica ajustada al nuevo marco legal.

No obstante, de manera preliminar puede anticiparse que la implantación de las tablas de copago progresivo previstas en el Decreto 99/2012 no supondrá una disminución de ingresos para la Hacienda Municipal. Al contrario, se prevé un incremento en la recaudación, dado que el sistema actualmente vigente exime del copago a las personas con capacidad económica inferior al IPREM, mientras que el nuevo marco introduce aportaciones desde el 80 % de dicho índice. Asimismo, si se opta por incorporar la opción de tabla de copago con mayor progresividad —la que añade un tramo adicional hasta el 90 % del coste del servicio para capacidades económicas superiores a cinco veces el IPREM, frente al 65 % máximo actual—, la recaudación potencial sería aún más elevada, reforzando la sostenibilidad económica del servicio sin comprometer su carácter asistencial.

A Coruña, en la fecha de firma electrónica

El jefe de sección de Servicios Generales de Bienestar

La jefa de servicio de Servicios Sociales



Concello da Coruña

SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA DIRECCIÓN DA ÁREA DE ECONOMÍA E FACENDA CONCELLARÍA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA RCG	Documento FRA19I0F51	
Código de verificación 	Expediente FRA/2025/18	
3726 5N13 1L2W 3V6H 08Q2	DATA 20-10-2025	

MEMORIA DA ALCALDÍA

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 18, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DO CATÁLOGO DE SERVIZOS DOMICILIARIOS

Sométese á consideración do pleno o expediente de modificación da Ordenanza fiscal número 18, reguladora da taxa pola prestación de servizos do catálogo de servizos domiciliarios, previa aprobación do proxecto da mesma pola Xunta de Goberno Local.

A corporación municipal da Coruña, na sesión plenaria celebrada o 23.12.2010, aprobou a Ordenanza fiscal número 18, reguladora da taxa pola prestación de servizos do catálogo de servizos domiciliarios, que entrou en vigor o 01.01.2011. A última modificación da ordenanza consistiu nunha actualización de tarifas que se aprobou polo pleno o 28.12.2023.

O 22.10.2025 a Xefatura de Servizos Sociais deu traslado de distintos documentos co fin de proceder á modificación do texto da ordenanza. Os documentos trasladados son o informe xurídico de proposta de modificación da ordenanza, a memoria económica de modificación da ordenanza e a proposta de redacción do texto normativo.

O documento achegado por Servizos Sociais propón distintas modificacións na redacción, como a supresión das referencias aos servizos de comida a domicilio e teleasistencia, ao tratarse de servizos que non son de recepción obrigatoria para as persoas usuarias, o que lles confire un carácter voluntario que non xustifica a imposición dunha contraprestación en forma de taxa e ao tratarse de servizos dispoñibles no mercado en condicións de libre competencia.

Como indica o informe achegado por Servizos Sociais as supresións e modificacións realizadas fanse co fin de adaptar a ordenanza á lexislación e normativa vixente (Decreto 49/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais; Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, que regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia; e a Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas da Xunta de Galicia).

A nova ordenanza introduce táboas que pretenden configurar unha novas regras de cálculo para o copago do servizo. Así, no Servizo de Axuda a domicilio (SAD) para persoas en situación de dependencia que teñen o dereito de atención recoñecido, establécese un copagamento directamente vinculado á capacidade económica das persoas, o que permite evitar disparidades entre os diferentes puntos do territorio, así como conferir sustentabilidade ao sistema, ao supoñer un incremento das cantidades recadadas en concepto de participación progresiva e equitativa das persoas usuarias no financiamento do servizo que reciben. Igualmente, régulanse as regras para o establecemento da participación económica das persoas usuarias do servizo de axuda a domicilio (SAD) de carácter básico e doutros servizos susceptibles de incorporar un sistema de copagamento, o que mellorará a viabilidade financeira do sistema.

As novas táboas e a determinación dunha redacción nova do artigo 5 referido ás tarifas non supón incremento económico algún respecto das tarifas existentes dos servizos que se van prestar para a axuda no fogar.

No artigo 7 (Xeración da taxa e período impositivo) introdúcense os apartados 7.3 e 7.4 para regular de forma expresa as consecuencias da xestión da taxa nos casos de suspensións temporais ou baixas definitivas das persoas usuarias do sistema de axuda no fogar.

Así mesmo, intégrase unha nova numeración das normas de xestión, que pasan a estar no artigo 8.



A nova redacción da ordenanza tamén traslada a necesidade de establecer unha *vacatío* de seis meses para a entrada en vigor, como consecuencia da complexidade da xestión administrativa do cálculo da nova capacidade económica para as persoas usuarias, sinalando que todas as modificacións referidas ao servizo de axuda no fogar non poderán ser de aplicación ata que non entre en vigor a nova modificación da ordenanza xeral reguladora do servizo.

Así mesmo, o texto recolle unha petición do Servizo de Inspección de Servizos Comunitarios e Inclusión Social da Secretaría Técnica de Política Social da Xunta de Galicia para aclarar a cota máxima de participación e a redución da cota respecto das persoas usuarias que reciban o servizo na modalidade de dependencia ou libre concorrência, que sinala que se debe mellorar a redacción dada respecto da suspensión ou interrupción do servizo. Suxestións que se trasladan ao apartado 3 e 4 do artigo 6 e aos apartados 3 e 6 do artigo 8.

Revisado o texto en vigor apréciase con respecto ao artigo 3, que determina o suxeito pasivo da taxa, que a redacción actual, ao referirse á persoa solicitante, pode dar lugar a confusión respecto da determinación da persoa obrigada ao pagamento, polo que se realiza unha nova formulación, completando o suposto para aquelas persoas beneficiarias que carezan de capacidade de obrar.

En base a todo isto, proponse modificar o texto da citada ordenanza fiscal nos termos indicados pola Concellaría de Benestar Social, Participación e Igualdade, tal e como figura no Anexo desta Memoria, no que se indica a redacción actual e a proposta de nova redacción.

A Coruña, na data da sinatura dixital deste documento electrónico

Inés Rey García

A alcaldesa



ANEXO

TEXTO ACTUAL: ORDENANZA FISCAL NÚMERO 18, REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS DO CATÁLOGO DE SERVIZOS DOMICILIARIOS

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Concello da Coruña, de conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establece a Taxa por prestación de servizos do catálogo de servizos domiciliarios, á que se refire o artigo 20.4 do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas se acomodan ao establecido no art. 57 do real decreto lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE E OBRIGA DE CONTRIBUÍR

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos seguintes:

- A. Axuda a domicilio nas súas tres modalidades: básico ou de libre concorrência, dependencia e por urxencia sobrevinda.
- B. Axudas técnicas.
- C. Teleasistencia.
- D. Comida a domicilio.

ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas que soliciten ou resulten directamente beneficiadas pola prestación de un ou varios servizos, xa sexa con carácter estable ou de forma temporal.

ARTIGO 4. BENEFICIOS FISCAIS

Non serán aplicables outros beneficios fiscais máis cós expresamente previstos en normas con rango de lei e os derivados de tratados internacionais.

ARTIGO 5. TARIFAS

1 SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO (en calquera das tres modalidades sinaladas no art. 2.A)) por hora ou fracción)	13,08
2 SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DE DEPENDENCIA (segundo o establecido no apartado 9.5 da Ordenanza Reguladora do Servizo de axuda a Domicilio: guindastre, cama articulada, podoloxía, etc.)	
2.1 Limpeza extraordinaria (por hora ou fracción)	9,27
2.2 Podoloxía (por hora ou fracción)	16,48
2.3 Axudas técnicas (aluguer mensual)	
2.3.1 Cama articulada	46,35
2.3.2 Asento de ducha	5,15
2.3.4 Guindastre	61,80
2.4 Barbería (por hora ou fracción)	
2.4.1 Lavar e peitear	10,30
2.4.2 Corte de pelo	8,24
2.4.3 Lavar, cortar e peitear	16,48
2.5 Outros profesionais (fisioterapeuta, terapeuta ocupacional, etc), (por hora ou fracción)	
2.5.1 Titulados universitarios de grao medio	25,75
2.5.2 Titulados universitarios de grao superior	30,90
3 SERVIZO DE COMIDA A DOMICILIO (menú por día)	7,19
4 SERVIZO DE TELEASISTENCIA (servizo mensual)	5,15
5 A efectos de determinar o importe a pagar polos usuarios, establécense as seguintes porcentaxes en función da relación dos ingresos co IPREM (excepto para o apartado 4 no que a tarifa será de aplicación íntegra en todos os casos):	
5.1 Sobre as tarifas do apartado 1 os usuarios deberán abonar as seguintes porcentaxes:	
Ingresos en relación ao IPREM	COPAGO



Concello da Coruña

Ata o 100%.....	Exento
Superior ao 100% ata o 150%.....	10%
Superior ao 150% ata o 200%.....	13%
Superior ao 200% ata o 250%	16%
Superior ao 250% ata o 300%	20%
Superior ao 300% ata o 350%	25%
Superior ao 350% ata o 400%	35%
Superior ao 400% ata o 450%	45%
Superior ao 450% ata o 500%	60%
Superior ao 500%	65%

5.2 Sobre as tarifas do apartado 2 e 3 os usuarios deberán abonar as seguintes porcentaxes:

Ingresos en relación ao IPREM	COPAGO
Ata o 100%.....	Exento
Superior ao 100% ata o 150%.....	10%
Superior ao 150% ata o 200%.....	20%
Superior ao 200% ata o 250%	30%
Superior ao 250% ata o 300%	40%
Superior ao 300% ata o 350%	50%
Superior ao 350% ata o 400%	60%
Superior ao 400% ata o 450%	70%
Superior ao 450% ata o 500%	80%
Superior ao 500%	90%

Normas para a aplicación das tarifas:

1. A aplicación das tarifas efectuarase tendo en conta:
 - a) A capacidade económica da persoa beneficiaria.
 - b) Os servizos domiciliarios recibidos en función das diferentes unidades de magnitude:
 - Horas de atención
 - Dispositivos de teleasistencia
 - Comidas mensuais
 - Número e tipificación das axudas técnicas.
2. A capacidade económica das persoas usuarias será a determinada para cada unha delas pola Consellería competente da Xunta de Galicia a efectos da aplicación da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia e a efectos da aplicación da Orde da Xunta de Galicia de 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar. No caso de non dispor o Concello desta información, realizarase o cálculo de devandita capacidade con arranxo ao establecido no art. 17 da última norma citada. Para a xustificación de devandita capacidade económica os usuarios deberán presentar a documentación esixida pola Ordenanza Municipal de Servizos de Axuda a domicilio, xunto coa solicitude do servizo, así como anualmente para a súa renovación, e cantas outras veces sexa requirida polo Servizo Municipal de Servizos Sociais.
3. A Xunta de Goberno Local poderá autorizar a redución, previo informe xustificativo de Servizos Sociais, ata o cento por cento, do importe da cota a ingresar por cada persoa beneficiaria, para aquelas situacións que recolle o punto 3 do artigo 18 da Orde de 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar.
4. No caso de que o servizo interrómpace por causa imputable ao usuario, este deberá abonar o 20% da tarifa que lle corresponda, agás no servizo de teleasistencia, no que a tarifa será de aplicación íntegra.

ARTIGO 6. XERACIÓN DA TAXA E PERÍODO IMPOSITIVO

1. Xérase a taxa e nace a obriga de contribuír dende o mesmo día da prestación efectiva do servizo.
2. O período impositivo coincidirá co mes natural e a cota terá carácter non reducible, calculándose en función do número de días de prestación efectiva do servizo do mes en que se produce.

ARTIGO 7. NORMAS DE XESTIÓN

1. A xestión da taxa correspóndelle aos Servizos Sociais Municipais, segundo o disposto na Ordenanza reguladora do Servizo.
2. A alta efectiva no servizo supón a orde irrevogable de domiciliación bancaria dos sucesivos recibos mensuais que se xeren, ata a baixa no servizo e será asinada polo solicitante simultaneamente coa súa solicitude de prestación.
3. A devolución de dúas cotas mensuais consecutivas ou tres alternas no prazo máximo de doce meses consecutivos, determinará a interrupción e posible suspensión do servizo.
4. Como consecuencia da alta, o suxeito pasivo darase por notificado das sucesivas liquidacións que se efectúen coas bases acordadas.
5. Mensualmente, o órgano xestor aprobará as liquidacións e remitiralle á Tesourería os documentos e soportes necesarios para o cargo na conta en que estean domiciliados os cobros e ingreso das cotas en fondos municipais.
6. A actualización da taxa realizarase en xaneiro. A estes efectos, os usuarios do servizo presentarán anualmente, antes do 1 de decembro, a documentación necesaria relativa ás súas condicións económicas e/ou familiares, sen prexuízo da facultade desta Administración para comprobar e fiscalizar os ingresos declarados polas persoas usuarias.
7. Se se acredita debidamente unha grave situación de perda económica sobrevinda, poderase actualizar a taxa en calquera momento do ano.



Concello da Coruña

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal, que consta de sete artigos, foi aprobada polo Pleno na sesión realizada o 28 de decembro de 2023, comezará a rexer o día 1 de xaneiro do 2024 e será de aplicación mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.



PROPOSTA DE TEXTO A APROBAR

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 18, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DO CATÁLOGO DE SERVIZOS DOMICILIARIOS

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Concello da Coruña, de conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establece a taxa pola prestación de servizos do catálogo de servizos domiciliarios, á que se refire o artigo 20.4 do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas se acomodan ao establecido no artigo 57 do real decreto lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE E OBRIGA DE CONTRIBUÍR

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos seguintes:

- A. Servizo de axuda no fogar nas distintas modalidades.
- B. Servizos complementarios de axuda no fogar (axudas técnicas ou profesionais).

ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas que resulten directamente beneficiadas pola prestación dun ou varios servizos, xa sexa con carácter estable ou de forma temporal.

No caso de que as persoas anteriores carezan de capacidade de obrar, a obriga recaerá sobre quen ostente a súa representación legal.

ARTIGO 4. BENEFICIOS FISCAIS

Non serán aplicables outros beneficios fiscais máis que os expresamente previstos en normas con rango de lei e os derivados de tratados internacionais.

ARTIGO 5. TARIFAS

1	SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (por hora ou fracción)	13,08
2	SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR	
2.1	Limpeza extraordinaria (por hora ou fracción)	9,27
2.2	Podoloxía (por hora ou fracción)	16,48
2.3	Axudas técnicas (aluguer mensual)	
2.3.1	Cama articulada	46,35
2.3.2	Asento de ducha	5,15
2.3.4	Guindastre	61,80
2.4	Barbería (por hora ou fracción)	
2.4.1	Lavar e peitear	10,30
2.4.2	Corte de pelo	8,24
2.4.3	Lavar, cortar e peitear	16,48
2.5	Outros profesionais (fisioterapeuta, terapeuta ocupacional, etc), (por hora ou fracción)	
2.5.1	Titulados universitarios de grao medio	25,75
2.5.2	Titulados universitarios de grao superior	30,90

3. A efectos de determinar o importe a pagar polas persoas usuarias, establécense as seguintes porcentaxes en función da relación dos ingresos co IPREM.

3.1 Sobre as tarifas do apartado 1 as persoas usuarias deberán aboar as seguintes porcentaxes:



Concello da Coruña

TABOIA DE COPAGO DE SAF NA SÚA MODALIDADE DE DEPENDENCIA			
Capacidade económica (referenciada ao IPREM)	Grao I	Grao II	Grao III
Ata	<=37 h	<=64 h	<=94 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,73 %	14,36 %	21,97 %

Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa usuaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas do servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

TÁBOIA DE COPAGO DO SAF NA SÚA MODALIDADE BÁSICA:	
CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
Menor de 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM	10%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM	20%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	40%
Maior de 2,50 e menor ou igual a 5 IPREM	60%
Maior de 5 IPREM	90%

3.2 Sobre as tarifas do apartado 2 as [persoas usuarias](#) deberán [aboar](#) as seguintes porcentaxes:



TÁBOA DE COPAGO SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DE SAF DEPENDENCIA:									
% Capacidade económica (referenciada ao IPREM)	Grao I			Grao II			Grao III		
Ata	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia e terapia ocupacional	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de produtos de apoio ou axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia e terapia ocupacional	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia e terapia ocupacional	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de produtos de apoio ou axudas técnicas
	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

ARTIGO 6. NORMAS DE APLICACIÓN DAS TARIFAS

6.1.- A aplicación das tarifas contidas no artigo 5 efectuarase tendo en conta:

A.- A capacidade económica da persoa beneficiaria.

B.- Os servizos domiciliarios recibidos en función das diferentes unidades de magnitude:

Horas de atención

Número e tipificación das axudas técnicas.

6.2.- A capacidade económica das persoas dependentes valoradas que teñan recoñecido un dereito de atención mediante o servizo de axuda no fogar calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do Título III do Decreto 149/2013, de 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención as persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias na financiación do seu coste, así como na restante normativa de aplicación.

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas das referidas no parágrafo anterior, o Concello regulará o cómputo da capacidade económica de acordo cos criterios establecidos no artigo 60 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e a súa financiación.

6.3.- En ningún caso a participación económica da persoa usuaria que reciba o servizo pola modalidade de dependencia poderá exceder do 90 por cento do custo de referencia do servizo prestado. No caso das persoas que accedan ao servizo pola modalidade básica establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

6.4.- No caso das persoas que reciban o servizo de axuda no fogar pola modalidade básica, a Xunta de Goberno Local poderá autorizar a redución, previo informe xustificativo dos Servizos Sociais, ata o cento por cento, do importe da cota a ingresar por cada persoa beneficiaria, para aquelas situacións que recolle o punto 2 do artigo 62 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

ARTIGO 7. XERACIÓN DA TAXA E PERÍODO IMPOSITIVO

7.1.- Xérase a taxa e nace a obriga de contribuír dende o mesmo día da prestación efectiva do servizo.

7.2.- O período impositivo coincidirá co mes natural e a cota terá carácter non reducible calculándose en función do número de días de prestación efectiva do servizo do mes en que se produce.



Concello da Coruña

7.3.- Cando por causa debidamente xustificada a persoa usuaria deixe de recibir o SAF, o suxeito pasivo estará exento de aboar a cota mensual desde a data que se estableza na resolución acordando a suspensión. A suspensión da cota durará ata o primeiro día no que teña lugar a reincorporación da persoa usuaria ao servizo, procedendo ao rateo da cota da mesma forma que no inicio da prestación.

7.4.- Tamén se rateará a cota mensual nos supostos de baixa no servizo, que será efectiva dende a data que conste na resolución de finalización daquel.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN

8.1.- A xestión da taxa correspóndelle aos Servizos Sociais Municipais segundo o disposto na Ordenanza reguladora do servizo.

8.2.- A alta efectiva no servizo supón a orde irrevogable de domiciliación bancaria dos sucesivos recibos mensuais que se xeren, ata a baixa no servizo e será asinada pola persoa solicitante simultaneamente coa súa solicitude de prestación.

8.3.- A devolución de dúas cotas mensuais consecutivas ou tres alternas no prazo máximo de doce meses consecutivos, determinará a interrupción e posible suspensión do servizo, [previa instrución do expediente correspondente](#).

8.4.- Como consecuencia da alta, o suxeito pasivo darase por notificado das sucesivas liquidacións que se efectúen coas bases acordadas.

8.5.- Mensualmente, o órgano xestor aprobará as liquidacións e remitiralle á Tesourería os documentos e soportes necesarios para o cargo na conta en que estean domiciliados os cobros e o ingreso das cotas nos fondos municipais.

8.6.- Na modalidade básica, a actualización da taxa realizarase en xaneiro. A estes efectos, as persoas usuarias do servizo presentarán anualmente, antes do 1 de decembro, a documentación necesaria relativa ás súas condicións económicas e/ou familiares, sen prexuízo da facultade desta Administración para comprobar e fiscalizar os ingresos declarados polas persoas usuarias.

8.7.- Se se acredita debidamente unha grave situación de perda económica sobrevinda, poderase actualizar a taxa en calquera momento do ano.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, que consta de oito artigos, foi aprobada polo pleno da corporación municipal da Coruña na sesión realizada o 06.11.2025, comezará a rexer aos seis meses da súa publicación no BOP e será de aplicación mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.



Área / Unidade SERVIZO DE XESTION TRIBUTARIA DIRECCIÓN DE ADMINISTRACIÓN XERAL CONCELLARIA DE ECONOMIA E PLANIFICACION ESTRATÉXICA RCG	Documento FRA19I0F70	
Código de verificación  3Y1X 3Z6P 2W14 0T52 0TMF	Expediente FRA/2025/18	
	Data 20-10-2025	

INFORME ECONÓMICO SOBRE CUSTOS E INGRESOS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) PARA O ANO 2026

I. INTRODUCCIÓN

O presente traballo pretende realizar un pormenorizado estudo do custo actual deste servizo, así como estimar a súa evolución probable durante o próximo ano 2026, co obxecto de establecer a taxa necesaria para o seu financiamento en base a uns criterios que proporcionen a cobertura total ou parcial de dito custo.

Neste estudo inclúense a totalidade dos gastos tanto directos como indirectos, que contribúen á formación do custo do servizo ou actividade.

Os datos para a confección deste estudo foron extraídos da información facilitada polo propio servizo así como do orzamento do ano 2025, xa que é o documento que mellor revela os custos de funcionamento dos servizos no presente exercicio.

Cabe sinalar que a proposta que se realiza non supón en ningún caso un aumento das tarifas dos servizos existentes polo que non sería necesario unha nova valoración con respecto ao último estudo.

Porén como a nova redacción supón a supresión dalgunha das tarifas existentes e polo que se procede a formación dun novo estudo económico.

II. DESCRICIÓN DO SERVIZO

A descrición do servizo e as condicións de súa prestación figuran detalladas nos pregos de condición técnicas e administrativas e restantes documentos que constitúen o expediente de contratación do servizo en vigor (EXPEDIENTE 105/2021/1714)

III. DETERMINACIÓN DO CUSTO TOTAL DO SERVIZO PARA 2025

Utilizando a información contida de Orzamento do ano 2025 , e outros datos obtidos nos distintos Servizos Municipais, determínase o custo do servizo segundo a seguinte estrutura:

A) CUSTOS ORZAMENTARIOS

- 1.- Custos de persoal
- 2.- Compras correntes de bens e servizos.
- 3.- Imputación de custos de centros mediais.

A) CUSTOS ORZAMENTARIOS:

1. Custos de Persoal .



Concello da Coruña

Compútase, neste apartado, a totalidade das retribucións recibidas polos traballadores (Nómina, pagas extras, etc.) e os custos da Seguridade Social que ten que soportar o Concello. No caso no que o persoal non estea integramente dedicado a este servizo, impútase o custo correspondente á dedicación atribuída ó mesmo.

Segundo os datos obtidos da Area de Benestar Social e os achegados polo servizo de persoal os custos para o Concello estímase nas seguintes porcentaxes totais:

Nº CATEGORÍA PARTE IMPUTABLE IMPORTE

Nº TRABALLADORES	TIPO DE PERSOAL E PORCENTAXE	coste total 1 año
10	Traballador Social 100%	505.555,20 €
4	Auxiliar atención cidadana 100%	124.218,32 €
2	TMAX 100%	88.528,48 €
1	Xefa Departamento 100%	74.223,50 €
		792.525,50 €

Total 1 Custos persoal 792.525,50€

2. Compras de Bens correntes e outros servizos .

En data 3 de febreiro de 2023, a Xunta de Goberno Local adxudicou o contrato do servizo de axuda no fogar (SAF) cunha adxudicación por lotes de 1 a 7 e que servizos sociais comunica que para o ano 2025 queda da forma que se indica a continuación:

		Exercicio 2025	Precio unitario(sin IVA)
LOTE 1	Zona Norte	1.706.796,79 €	17,09 €
LOTE 2	Zona Oeste	1.878.000,20 €	17,19 €
LOTE 3	Zona Sur	2.024.920,57 €	18,63 €
LOTE 4	Zona Centro	2.128.771,42 €	18,19 €
LOTE 5	Zona Este	2.118.900,73 €	18,66 €
LOTE 6	PADSS	542.557,49 €	24,54 €
LOTE 7	Inspección e Control Calidade	150.507,66 €	
Totais:		10.550.454,85 €	

Conforme aos datos achegados polo servizo o contrato de axuda no fogar supón para o ano 2025 un importe de 10.550.454,84 €, cun custe unitario medio de 19,05 €/h(IVE incluído)

Total custos compras bens e servizos para o 2025 10.550.454,84 €

3. Imputación de custos de centros mediais

Compútase neste apartado a porcentaxe do 0,2% dos custos dos principais Servizos Xerais do Concello que, de forma indirecta, inciden neste Servizo.



Concello da Coruña

RESUMO-ESTIMACIÓN CUSTOS CENTROS MEDIAIS

PARA O EXERCICIO 2025

Centros de Costes Mediais

	SERVIZOS CARÁCTER XERAL	DE ADMÓN. FINANCEIRA TRIBUTARIA	E ÓRGANOS GOBERNO	DE TOTAIS
Gastos de Persoal	11.750.313,50	6.333.268,34	7.021.844,03	25.105.425,87
Compras Bens e Servizos	3.323.504,31	3.907.493,60	248.617,26	7.479.615,17
Xuros	240.408,50	191.303,35	0,00	431.711,85
Amortización	1.429.723,49	410.625,38	0,00	1.840.348,87
TOTAL	16.743.949,80	10.842.690,67	7.270.461,29	34.857.101,76

TOTAL CUSTO CENTROS MEDIAIS 34.857.101,76 €

0 , 2 % s / 34.857.101,76 € = 69.714,20 €

RESUMO DE CUSTOS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) PARA O ANO 2025

A) CUSTOS ORZAMENTARIOS

11.412.694.54 €

1. CUSTOS DE PERSOAL 792.525,50€

2. COMPRAS DE BENS E SERVIZOS 10.550.454,84 €

3. IMPUTACIÓN CUSTOS CENTROS MEDIAIS 69.714,20€

TOTAL CUSTO ESTIMADO PARA 2026

11.412.694.54 € €

B) DETERMINACIÓN DAS TARIFAS PARA O ANO 2026

Segundo o artigo 24.2 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais), o importe estimado das taxas por prestación de servizos non pode exceder, no seu conxunto, do custo real ou previsible do servizo ou actividade.

A estimación de ingresos máximos que se derivarán das taxas propostas no presente expediente no 2025 ascende a un importe anual de 687.825,94 €, segundo se desprende das proxeccións formuladas polo Servizo de Benestar Social a partir dos datos de ingresos efectivos do ano 2025.

Por outra parte, conforme establecen os artigos 12, 32 e 33 da lei 39/2006 de 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia, o servizo de axuda no fogar financíase con achegas doutras administracións públicas, do Concello e das persoas usuarias. Polo que se refire á aportación doutras administracións, o financiamento estimouse para o 2025 en 4.098.165,22 €.

Por tanto, sendo o total do custo do servizo **11.412.694,54 €**, a estimación do financiamento doutras administracións **4.098.165,22 €** e a estimación dos ingresos procedentes das taxas dos usuarios de 687.825,94 €, a aportación do Concello prevista, por tanto, será de **6.615.703,38€**.



Concello da Coruña

No que atinxe ao contido fiscal das aportacións das persoas usuarias que se aproba na presente ordenanza, debe cumprirse o artigo 24 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da lei reguladoras das facendas locais: *“o importe estimado das taxas por prestación de servizos, non pode exceder, no seu conxunto do custe real ou previsible do servizo ou actividade”*.

A vista do exposto anteriormente, queda patente que os máximos ingresos previstos por esta taxa (687.825,94€ propios) non exceden do custe do servizo.

A Coruña, na data de sinatura electrónica do documento

A xefa de servizo de Xestión Tributaria

Rosario Carballo Gómez

Conforme

O director de Administración Xeral

Manuel A. Jove Losada



Asunto

PROPUESTA DE ORDENANZA FISCAL Nº 18 REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS DO CATÁLOGO DE SERVIZOS DOMICILIARIOS.

ORDENANZA FISCAL Nº 18 REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS DO CATÁLOGO DE SERVIZOS DOMICILIARIOS.

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Concello da Coruña, de conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establece a Taxa por prestación do catálogo de servizos domiciliarios, a que se refire o artigo 20.4 do propio real decreto legislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas se acomodan ao establecido no art. 57 do real decreto legislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE E OBRIGA DE CONTRIBUÍR.

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos seguintes:

- A. Servizo de Axuda a no Fogar nas distintas modalidades.
- B. Servizos complementarios de Axuda no Fogar (Axudas técnicas ou profesionais).

ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas que soliciten ou resulten directamente beneficiadas pola prestación de un ou varios servizos, xa sexa con carácter estable ou de forma temporal.

ARTIGO 4. BENEFICIOS FISCAIS.

Non serán aplicables outros beneficios fiscais máis cóos expresamente previstos en normas con rango de lei e os derivados de tratados internacionais.

ARTIGO 5. TARIFAS.

PRESTACIÓN DE SERVIZO				TARIFA
1. SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO (por hora ou fracción)				13,08
2. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DE AXUDA A DOMICILIO	2.1. Limpeza extraordinaria (por hora ou fracción)			9,27
	2.2. Podoloxía (por hora ou fracción)			16,48
	2.3. Axudas técnicas (aluguer mensual)	2.3.1 Cama articulada		46,35
		2.3.2. Asento de ducha		5,15
		2.3.3. Guindastre		61,80
	2.4. Perruquería (por hora ou fracción)	2.4.1. Lavar e peitear		10,30
		2.4.2. Corte de pelo		8,24
		2.4.3. Lavar, cortar e peitear		16,48
	2.5. Outros profesionais (fisioterapeuta, podólogo, terapeuta ocupacional, etc.), (por hora ou fracción)	2.5.1. Titulados universitarios de grao medio		25,75
		2.5.2. Titulados universitarios de grao superior		30,95

A efectos de determinar o importe a pagar polos usuarios, establécense as seguintes porcentaxes en función da relación dos ingresos co IPREM.

Sobre as tarifas do apartado 1 os usuarios deberán abonar as seguintes porcentaxes:



TABOA DE COPAGO DE SAF NA SÚA MODALIDADE DE DEPENDENCIA:

Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	20-37 h	38-64 h	65-94 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,73 %	14,36 %	21,97 %

Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa usuaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda a no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

TABOA DE COPAGO DE SAF NA SÚA MODALIDADE BÁSICA:

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
Menor de 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM	10%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM	20%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	40%
Maior de 2,50 e menor ou igual a 5 IPREM	60%
Maior de 5 IPREM	90%

Sobre as tarifas do apartado 2 os usuarios deberán abonar as seguintes porcentaxes:



TABOA DE COPAGO SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DE SAF DEPENDENCIA:

% Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I			Grao II			Grao III		
	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia e terapia ocupacional	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de produtos de apoio ou axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia e terapia ocupacional	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia e terapia ocupacional	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de produtos de apoio ou axudas técnicas
	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %



ARTIGO 6. NORMAS DE APLICACIÓN DAS TARIFAS.

6.1.- A aplicación das tarifas contidas no artigo 5 efectuarase tendo en conta:

a.- A capacidade económica da persoa beneficiaria.

b.- Os servizos domiciliarios recibidos en función das diferentes unidades de magnitude:

- Horas de atención
- Número e tipificación das axudas técnicas.

6.2.- A capacidade económica das persoas dependentes valoradas que teñan recoñecido un dereito de atención mediante o servizo de axuda no fogar calcularase da cordo coas normas de valoración contidas no capítulo II del título III del Decreto 149/2013, de 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención as persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias na financiación do seu coste, así como na restante normativa de aplicación.

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas das referidas no parágrafo anterior, o Concello regulará o cómputo da capacidade económica da cordo cos criterios establecidos no artigo 60 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e a súa financiación.

6.3.- En ningún caso a participación económica da persoa usuaria que reciba o servizo pola modalidade de dependencia poderá exceder do 90 por cento do custo de referencia do servizo prestado. No caso das persoas que accedan ao servizo pola modalidade básica establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

6.4.- No caso das persoas que reciban o servizo de axuda no fogar pola modalidade básica, a Xunta de Goberno Local poderá autorizar a redución, previo informe xustificativo dos Servizos Sociais, ata o cento por cento do importe da cota a ingresar por cada persoa beneficiaria, para aquelas situacións que contempla o punto 2 do artigo 62 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

ARTIGO 7. XERACIÓN DA TAXA E PERÍODO IMPOSITIVO.

7.1.- Xérase a taxa e nace a obriga de contribuír dende o mesmo día da prestación efectiva do servizo.

7.2.- O período impositivo coincidirá co mes natural e a cota terá carácter non reducible calculándose en función do número de días de prestación efectiva do servizo do mes en que se produce.

7.3.- Cando por causa debidamente xustificada o usuario deixe de recibir o SAF, o suxeito pasivo estará exento de aboar a cota mensual desde a data que se estableza na resolución acordando a suspensión. A suspensión da cota durará ata o primeiro día no que teña lugar a reincorporación do usuario ao servizo, procedendo ao rateo da cota da mesma forma que no inicio da prestación.

7.4.- Tamén se rateará a cota mensual nos supostos de baixa no servizo, que será efectiva dende a data que conste na resolución de finalización daquel.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN.

8.1.- A xestión da taxa correspóndelle á os Servizos Sociais Municipais segundo o disposto na Ordenanza reguladora do Servizo.

8.2.- A alta efectiva no servizo supón a orde irrevogable de domiciliación bancaria dos sucesivos recibos mensuais que se xeren, ata a baixa no servizo e será asinada polo solicitante simultaneamente coa súa solicitude de prestación.

8.3.- A devolución de dúas cotas mensuais consecutivas ou tres alternas no prazo máximo de doce meses consecutivos, determinará a suspensión do servizo, previa instrución do expediente correspondente.



Concello da Coruña

8.4.- Como consecuencia da alta, o suxeito pasivo darase por notificado das sucesivas liquidacións que se efectúen coas bases acordadas.

8.5.- Mensualmente, o órgano xestor aprobará as liquidacións e remitiralle á Tesourería os documentos e soportes necesarios para o cargo na conta en que estean domiciliados os cobros e ingreso das cotas en fondos municipais.

8.6.- Na modalidade básica, a actualización da taxa realizarase en xaneiro. A estes efectos, os usuarios do servizo presentarán anualmente, antes do 1 de decembro, a documentación necesaria relativa ás súas condicións económicas e/ou familiares, sen prexuízo da facultade desta Administración para comprobar e fiscalizar os ingresos declarados polos usuarios.

8.7.- Se se acredita debidamente unha grave situación de perda económica sobrevinda, poderase actualizar a taxa en calquera momento do ano.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

***Ver consideracións incluídas no informe xurídico.**

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal, que consta de oito artigos, foi aprobada polo Pleno na sesión realizada o, comezará a rexer o día e será de aplicación mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

***Ver consideracións incluídas no informe xurídico.**

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

O xefe de sección de Servizos Xerais de Benestar

A xefa de servizo de Servizos Sociais

A concelleira delegada da Area de Benestar Social, Participación e Igualdade



Concello da Coruña

Área / Unidad REGISTRO FRANJA RCG	Documento FRA19I0FK0	
Código de verificación 	Expediente FRA/2025/18	
3N13 2U11 2P70 5B2E 0ITA	Fecha 27-10-2025	

ASUNTO: ACORDO DE MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL Nº 18 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACION DE SERVIZOS DO CATALOGO DE SERVIZOS DOMICILIARIOS

En cumprimento do establecido no artigo 137.1 b da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local remítese, para o seu ditame, o expediente referido no asunto, acompañando ao presente escrito a seguinte documentación:

- Memoria de Alcaldía.
- Informe económico
- Informe xurídico, reformulación do texto e memoria económica de servizos sociais

A Coruña, na data da sinatura electrónica documento

A Xefa de Servizo de Xestión Tributaria.

Mª Rosario Carballo Gómez



Área / Unidad TRIBUNAL ECONOMICO-ADMINISTRATIVO TE0000 JMPF	Documento 30019I016H	
Código de verificación  5N5S 4E5J 0B0A 5D00 14IK	Expediente FRA/2025/18	
	Fecha 29-10-2025	

EXPEDIENTE: ORDENANZA FISCAL

ASUNTO: EXPEDIENTE: ORDENANZA FISCAL

ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA NÚMERO 18, REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS DO CATÁLOGO DE SERVIZOS DOMICILIARIOS

DITAME

O día vinte e nove de outubro de dous mil vinte e cinco o Tribunal Económico-Administrativo Municipal celebrou, con carácter extraordinario, sesión plenaria ao obxecto de examinar á **proposta de aprobación relativa ao acordo de modificación da ordenanza número 18, reguladora da taxa por prestación de servizos do catálogo de servizos domiciliarios.**

ANTECEDENTES:

Con data vinte e oito de outubro de dous mil vinte e cinco tivo entrada no TEAM, co obxecto de que o Tribunal emita o ditame a que se refire o artigo 2 do Regulamento do órgano para a resolución das reclamacións económico-administrativas, en concordancia co artigo 137.1.b) da Lei 7/1985, de 7 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, o seguinte expediente:

Modificación da ordenanza número 18, reguladora da taxa por prestación de servizos do catálogo de servizos domiciliarios

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei 7/1985, de 7 de abril, Reguladora de las Bases del Réxime Local
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria
- Texto Refundido de la Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.



- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico del Sector Público
- Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo.
- Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real Decreto 1065/2007, do 27 de xullo.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e a súa financiación
- Decreto 149/2013, de 5 de setembro, polo que se defínea carteira de servizos sociais
- Regulamento do órgano para a resolución de reclamacións económico-administrativas, aprobado polo Concello de A Coruña el día 2 de novembro de 2004

CONTIDO DA PROPOSTA:

Sométese á consideración do pleno da corporación municipal a modificación da ordenanza número 18, reguladora da taxa por prestación de servizos do catálogo de servizos domiciliarios. Previamente, o proxecto de modificación da mesma deberá ser aprobado pola Xunta de Goberno Local.

- Informe proposta para a Xunta de Goberno Local da aprobación **da modificación da ordenanza número 18, reguladora da taxa por prestación de servizos do catálogo de servizos domiciliarios** da xefa do Servizo de Xestión Tributaria, do Director da Área de administración Xeral e do Concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica.
- Informe Xurídico da proposta de modificación da ordenanza fiscal nº 18 do xefe de sección de Servizos Xerais de Benestar e da Xefa de servizo de Servizos Sociais.
- Informe Económico sobre custos e ingresos do servizo de axuda no fogar (SAF) para o ano 2026 da Xefa do Servizo de Xestión Tributaria, do Director da Área de administración Xeral.



- Memoria da Alcaldía sobre da modificación da ordenanza número 18, reguladora da taxa por prestación de servizos do catálogo de servizos domiciliarios.
- Proposta da modificación da ordenanza número 18, reguladora da taxa por prestación de servizos do catálogo de servizos domiciliarios

FUNDAMENTACIÓN LEGAL:

A modificación proposta principalmente fundamentase no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e na Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).

Ademais, na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia xunto a o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e a súa financiación e no Decreto 149/2013, de 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais.

MODIFICACIÓNS PROPOSTAS:

Sométese a ditame deste tribunal a proposta de, **da modificación da ordenanza número 18, reguladora da taxa por prestación de servizos do catálogo de servizos domiciliarios.**

Propóñense diversas modificacións da actual ordenanza fiscal.

Elimínanse ás referencias os servizos de comida a domicilio e teleasistencia, por tratarse de prestación patrimoniais de carácter non tributario.

Neste senso, este Tribunal considera que ao non ter carácter fiscal as ordenanzas reguladoras de prestacións patrimoniais de carácter público non tributarias pola prestación dos servizos de comida a domicilio e teleasistencia, a proposta non é preciso informala por este órgano.

Por outra parte suprimense no artigo 2 no apartado A, ó extracto que contén “*nas súas tres modalidades: básico ou de libre concorrência, dependencia e por urxencia sobrevida*” e os apartados C e D.

No artigo 5 (Tarifas) suprimese no apartado 1 “*en calquera das tres modalidades no art. 2.A*”.

No apartado 2, suprimese o extracto do título “*De dependencia (segundo o establecido no apartado 9.5 da ordenanza reguladora do Servizo de axuda a Domicilio: guindastre, cama articulada, podoloxía, etc.)*”.

Suprimense os actuais apartados 3 e 4.

No apartado 5 o extracto “*(excepto para o apartado 4 no que a tarifa será de aplicación íntegra en todos os casos)*” e os subapartados 5.1 que fai referencia ó porcentaxe de copago dos usuarios de axuda a domicilio e o 5.2 que fai referencia ó porcentaxe de copago dos usuarios de axuda a domicilio de dependencia e dos usuarios do servizo de comidas a domicilio.

Respecto do artigo 3 a nova redacción consiste na supresión da configuración do suxeito pasivo como solicitante e na indicación de que no caso de que o receptor da prestación non teña capacidade de obrar pasará a ser suxeito pasivo o representante legal deste.



Respecto do artigo 5 e relacionado cas tarifas a modificación da redacción consiste en :

Apartado 1. Suprimir o extracto que dispón “(en calquera das tres modalidades sinaladas non art. 2.A)”.

Apartado 2. Suprimir o extracto do título “DE DEPENDENCIA (segundo ou establecido non apartado 9.5 dá Ordenanza Reguladora do Servizo de axuda a Domicilio: guindastre, cama articulada, podoloxía etc.)/ etc.) Apartado 3 e 4 : Suprimir os apartados na súa totalidade, pasando o apartado 5 a ser o 3.

Novo redacción do apartado 5 que pasa a ser o 3 suprimindo o extracto que contén “(excepto para o apartado 4 no que a tarifa será de aplicación íntegra en todos os casos)”. Nova numeración para o subapartado 5.1 que pasa a ser o subapartado 3.1. cunha nova táboa respecto da capacidade económica referenciada ao IPREM e graos. -. Nova numeración e redacción para o subapartado 5.2 que pasa a ser o subapartado 3.2. e que fai referencia táboa de copagamento dos servizos complementarios do servizo de axuda a domicilio.

Substitúese a redacción do contido do texto anterior do artigo 5: TARIFAS. Normas para aplicación das tarifas por un novo artigo 6. Normas de aplicación das tarifas, coa consecuente modificación da numeración dos artigos sucesivos, incorporando as achegas da servizo de Inspección de Servizos Comunitarios e inclusión Social da Secretaría Técnica de política social da Xunta de Galicia quedando redactados os apartados 3 e 4 da seguinte forma:

“6.3.- En ningún caso a participación económica da persoa usuaria que reciba o servizo pola modalidade de dependencia poderá exceder do 90 por cento do custo de referencia do servizo prestado. No caso das persoas que accedan ao servizo pola modalidade básica establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

6.4.- No caso das persoas que reciban o servizo de axuda no fogar pola modalidade básica, a Xunta de Goberno Local poderá autorizar a redución, previo informe xustificativo dos Servizos Sociais, ata o cento por cento do importe da cota a ingresar por cada persoa beneficiaria, para aquelas situacións que contempla o punto 2 do artigo 62 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.”

Introdúcese dous novos apartados o número 3 e 4 no artigo 7 quedando redactado desta forma:

“7.3.- Cando por causa debidamente xustificada o usuario deixe de recibir o SAF, o suxeito pasivo estará exento de aboar a cota mensual desde a data que se estableza na resolución acordando a suspensión. A suspensión da

cota durará ata o primeiro día no que teña lugar a reincorporación do usuario ao servizo, procedendo ao rateo da cota da mesma forma que no inicio da prestación.

7.4.- Tamén se rateará a cota mensual nos supostos de baixa no servizo, que será efectiva dende a data que conste na resolución de finalización daquel.”

Así como precísanse certos termos en relación aos apartados 3 e 6 do artigo 8.

Procedemento

En canto ao procedemento de aprobación é de aplicación o previsto nos artigos 15 a 19 do



Concello da Coruña

TRLRFL. Os acordos provisionais de imposición e ordenación adoptados pola corporación someteranse á exposición pública por un prazo de 30 días hábiles, como mínimo. Igualmente, publicaranse os anuncios de exposición no BOP e nun diario dos de maior difusión da provincia da Coruña. Durante este prazo, aquelas persoas que teñan a condición de interesadas poderán examinar o expediente e presentar cantas reclamacións estimen oportunas.

Finalizado o período de exposición pública, o Concello adoptará o acordo que proceda, resolvendo as reclamacións presentadas e aprobando a redacción definitiva da modificación da ordenanza. Naqueles casos nos que non se presentaron reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

En todo caso, o acordo definitivo, incluíndo o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza ou da súa modificación, deberán publicarse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo a dita publicación.

Así mesmo, elaborouse un informe económico, de conformidade co artigo 25 do TRLRFL, que establece: "... Os acordos de establecemento de taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público, ou para financiar total ou parcialmente os novos servizos, deberán adoptarse á vista de informes técnico-económicos nos que se poña de manifesto o valor de mercado ou a previsible cobertura do custe daqueles, respectivamente. O dito informe incorporarase ao expediente para a adopción do correspondente acordo".

Vistas as modificacións propostas este TEAM considera que:

Non hai ningunha obxección que realizar, cumpríndose as previsións contidas nos artigos 15, 16 e 28 a 35 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e demais normativa de aplicación.

En virtude de todo o exposto, de conformidade co preceptuado no artigo 137.1. b) da Lei 7/1985, do 7 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 2. b) do Regulamento do órgano para a resolución de reclamacións económico-administrativas, o Tribunal Económico-Administrativo Municipal,

ACORDA:

DITAMINAR FAVORABLEMENTE o á proposta de **modificación da ordenanza número 18, reguladora da taxa por prestación de servizos do catálogo de servizos domiciliarios.**

A Coruña, vinte e nove de outubro de dous mil vinte e cinco.

O Presidente - Accidental

O Vogal -Secretario,

Asdo.: José María Pérez Ferrol

Asdo.: José Antonio Gómez García



Concello da Coruña

Área / Unidade SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA DIRECCIÓN DA ÁREA DE ECONOMÍA E FACENDA CONCELLARÍA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA RCG	Documento FRA19I0FM8	
Código de verificación  6J3W 2U2C 2A4B 4Y2L 01T5	Expediente FRA/2025/18	
	Data 28-10-2025	

O concelleiro-secretario da Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 126.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente celebrada o 29 de outubro de 2025, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

CONCELLARÍA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA

DIRECCIÓN DA ÁREA DE ECONOMÍA E FACENDA

Servizo de Xestión Tributaria

Expediente: FRA/2025/18

Asunto: Aprobación do proxecto de modificación da Ordenanza fiscal número 18, reguladora da taxa pola prestación de servizos do catálogo de servizos domiciliarios.

Previa deliberación, de conformidade co informe–proposta (CVS: 0W246A5S3G3D3L2M1DOP) que consta no expediente e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, en canto serve de motivación ao mesmo, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

ÚNICO: Aprobar o proxecto de modificación da Ordenanza fiscal número 18, reguladora da taxa pola prestación de servizos do catálogo de servizos domiciliarios, co texto que figura no anexo deste documento, e a súa posterior remisión ao Pleno da Corporación municipal para a súa aprobación provisional.

E para que así conste aos efectos oportunos, expido a presente certificación na Coruña, na data de sinatura electrónica do presente documento, que asina xunto a min o Secretario xeral do Pleno, Manuel José Díaz Sánchez, como funcionario accidental do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e encargado das funcións de fe pública, segundo a Disposición adicional 8ª da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a reserva dos termos definitivos nos que quede redactada a acta.

**Concelleiro-secretario da Xunta de
Goberno Local**

José Manuel Lage Tuñas

**Confrontado e conforme,
Secretario xeral do Pleno, en función de órgano de
apoyo á Xunta de Goberno Local**

Manuel José Díaz Sánchez



ANEXO

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 18, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DO CATÁLOGO DE SERVIZOS DOMICILIARIOS

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Concello da Coruña, de conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establece a taxa pola prestación de servizos do catálogo de servizos domiciliarios, á que se refire o artigo 20.4 do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas se acomodan ao establecido no artigo 57 do real decreto lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE E OBRIGA DE CONTRIBUÍR

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos seguintes:

- A. Servizo de axuda no fogar nas distintas modalidades.
- B. Servizos complementarios de axuda no fogar (axudas técnicas ou profesionais).

ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas que resulten directamente beneficiadas pola prestación dun ou varios servizos, xa sexa con carácter estable ou de forma temporal.

No caso de que as persoas anteriores carezan de capacidade de obrar, a obriga recaerá sobre quen ostente a súa representación legal.

ARTIGO 4. BENEFICIOS FISCAIS

Non serán aplicables outros beneficios fiscais máis que os expresamente previstos en normas con rango de lei e os derivados de tratados internacionais.

ARTIGO 5. TARIFAS

1	SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (por hora ou fracción)	13,08
2	SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR	
2.1	Limpeza extraordinaria (por hora ou fracción)	9,27
2.2	Podoloxía (por hora ou fracción)	16,48
2.3	Axudas técnicas (aluguer mensual)	
2.3.1	Cama articulada	46,35
2.3.2	Asento de ducha	5,15
2.3.4	Guindastre	61,80
2.4	Barbería (por hora ou fracción)	
2.4.1	Lavar e peitear	10,30
2.4.2	Corte de pelo	8,24
2.4.3	Lavar, cortar e peitear	16,48
2.5	Outros profesionais (fisioterapeuta, terapeuta ocupacional, etc), (por hora ou fracción)	
2.5.1	Titulados universitarios de grao medio	25,75
2.5.2	Titulados universitarios de grao superior	30,90

3. A efectos de determinar o importe a pagar polas persoas usuarias, establécense as seguintes porcentaxes en función da relación dos ingresos co IPREM.

3.1 Sobre as tarifas do apartado 1 as persoas usuarias deberán aboar as seguintes porcentaxes:



TABOA DE COPAGO DE SAF NA SÚA MODALIDADE DE DEPENDENCIA			
Capacidade económica (referenciada ao IPREM)	Grao I	Grao II	Grao III
Ata	<=37 h	<=64 h	<=94 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,73 %	14,36 %	21,97 %

Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa usuaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas do servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

TÁBOA DE COPAGO DO SAF NA SÚA MODALIDADE BÁSICA:	
CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
Menor de 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM	10%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM	20%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	40%
Maior de 2,50 e menor ou igual a 5 IPREM	60%
Maior de 5 IPREM	90%

3.2 Sobre as tarifas do apartado 2 as **persoas usuarias** deberán **aboar** as seguintes porcentaxes:



TÁBOA DE COPAGO SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DE SAF DEPENDENCIA:									
% Capacidade económica (referenciada ao IPREM)	Grao I			Grao II			Grao III		
Ata	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia e terapia ocupacional	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de produtos de apoio ou axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia e terapia ocupacional	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia e terapia ocupacional	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de produtos de apoio ou axudas técnicas
	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

ARTIGO 6. NORMAS DE APLICACIÓN DAS TARIFAS

6.1.- A aplicación das tarifas contidas no artigo 5 efectuarase tendo en conta:

A.- A capacidade económica da persoa beneficiaria.

B.- Os servizos domiciliarios recibidos en función das diferentes unidades de magnitude:

Horas de atención

Número e tipificación das axudas técnicas.

6.2.- A capacidade económica das persoas dependentes valoradas que teñan recoñecido un dereito de atención mediante o servizo de axuda no fogar calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do Título III do Decreto 149/2013, de 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención as persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias na financiación do seu coste, así como na restante normativa de aplicación.

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas das referidas no parágrafo anterior, o Concello regulará o cómputo da capacidade económica de acordo cos criterios establecidos no artigo 60 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e a súa financiación.

6.3.- En ningún caso a participación económica da persoa usuaria que reciba o servizo pola modalidade de dependencia poderá exceder do 90 por cento do custo de referencia do servizo prestado. No caso das persoas que accedan ao servizo pola modalidade básica establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

6.4.- No caso das persoas que reciban o servizo de axuda no fogar pola modalidade básica, a Xunta de Goberno Local poderá autorizar a redución, previo informe xustificativo dos Servizos Sociais, ata o cento por cento, do importe da cota a ingresar por cada persoa beneficiaria, para aquelas situacións que recolle o punto 2 do artigo 62 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

ARTIGO 7. XERACIÓN DA TAXA E PERÍODO IMPOSITIVO

7.1.- Xérase a taxa e nace a obriga de contribuír dende o mesmo día da prestación efectiva do servizo.

7.2.- O período impositivo coincidirá co mes natural e a cota terá carácter non reducible calculándose en función do número de días de



Concello da Coruña

prestación efectiva do servizo do mes en que se produce.

7.3.- Cando por causa debidamente xustificada a persoa usuaria deixe de recibir o SAF, o suxeito pasivo estará exento de aboar a cota mensual desde a data que se estableza na resolución acordando a suspensión. A suspensión da cota durará ata o primeiro día no que teña lugar a reincorporación da persoa usuaria ao servizo, procedendo ao rateo da cota da mesma forma que no inicio da prestación.

7.4.- Tamén se rateará a cota mensual nos supostos de baixa no servizo, que será efectiva dende a data que conste na resolución de finalización daquel.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN

8.1.- A xestión da taxa correspóndelle aos Servizos Sociais Municipais segundo o disposto na Ordenanza reguladora do servizo.

8.2.- A alta efectiva no servizo supón a orde irrevogable de domiciliación bancaria dos sucesivos recibos mensuais que se xeren, ata a baixa no servizo e será asinada pola persoa solicitante simultaneamente coa súa solicitude de prestación.

8.3.- A devolución de dúas cotas mensuais consecutivas ou tres alternas no prazo máximo de doce meses consecutivos, determinará a interrupción e posible suspensión do servizo, [previa instrución do expediente correspondente](#).

8.4.- Como consecuencia da alta, o suxeito pasivo darase por notificado das sucesivas liquidacións que se efectúen coas bases acordadas.

8.5.- Mensualmente, o órgano xestor aprobará as liquidacións e remitiralle á Tesourería os documentos e soportes necesarios para o cargo na conta en que estean domiciliados os cobros e o ingreso das cotas nos fondos municipais.

8.6.- [Na modalidade básica](#), a actualización da taxa realizarase en xaneiro. A estes efectos, as persoas usuarias do servizo presentarán anualmente, antes do 1 de decembro, a documentación necesaria relativa ás súas condicións económicas e/ou familiares, sen prexuízo da facultade desta Administración para comprobar e fiscalizar os ingresos declarados polas persoas usuarias.

8.7.- Se se acredita debidamente unha grave situación de perda económica sobrevinda, poderase actualizar a taxa en calquera momento do ano.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, que consta de oito artigos, foi aprobada polo pleno da corporación municipal da Coruña na sesión realizada o 06.11.2025, comezará a rexer aos seis meses da súa publicación no BOP e será de aplicación mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.



Área / Unidade SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA GT3000E DIRECCIÓN DA ÁREA DE ECONOMÍA E FACENDA CONCELLARÍA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA RCG	Documento FRA19I0FMU	
Código de verificación 	Expediente FRA/2025/18	
3H67 4I37 2300 394F 0MNJ	DATA 28-10-2025	

INFORME PROPOSTA AO PLENO DA CORPORACION MUNICIPAL

ASUNTO: APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 18, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DO CATÁLOGO DE SERVIZOS DOMICILIARIOS

O presente expediente ten por obxecto acordar a modificación da Ordenanza fiscal número 18, reguladora da taxa pola prestación de servizos do catálogo de servizos domiciliarios co fin de incorporar a redacción proposta no documento da Xefatura do Servizo de Servizos Sociais.

De acordo co anterior, a Alcaldía elaborou a Memoria que xustifica a modificación da ordenanza, e que consta dun Anexo co texto a aprobar.

A motivación para dar unha nova redacción resúmese en varios puntos conforme ao informe xurídico trasladado pola Área de Benestar Social:

-A eliminación das referencias aos servizos de comida e teleasistencia, baseándose en que a retribución da persoa usuaria non cumpre coa natureza xurídica de taxa, por non ser servizos de recepción obrigatoria, sendo necesario solicitalos, sen que sexan servizos prestados en monopolio por parte do sector público.

Indica no seu informe a maiores o Servizo de Servizos Sociais que a natureza da retribución da persoa usuaria non é recadatoria, polo que resulta paliativa do orzamento de gasto, minorando ademais a carga administrativa ao Concello.

- Modifícase o artigo 2, dedicado ao feito impoñible, para distinguir entre o servizo de axuda no fogar nas súas distintas modalidades dos servizos complementarios (axudas técnicas ou profesionais).

- A revisión normativa do texto precisa dunha reformulación máis acorde coa legalidade respecto da determinación do suxeito pasivo, polo que se dá unha nova redacción ao artigo 3.

- No artigo 5 introdúcense táboas que configuran unhas novas regras de cálculo para o copago dos servizos.

- O antigo artigo 6 pasa a ser agora o artigo 7 (denominado “Xeración da taxa e período impositivo”), e se introducen nel os apartados 7.3 e 7.4 para regular de forma expresa as consecuencias da xestión da taxa nos casos de suspensións temporais ou baixas definitivas das persoas usuarias do sistema de axuda no fogar.



- O establecemento a través da Disposición final dunha *vacatio legis* de seis meses para a entrada en vigor da nova ordenanza, para garantir unha transición ordenada e acorde cos principios que rexen a actuación das administracións públicas entre o anterior sistema e o novo que se aproba.

- As normas de aplicación das tarifas pasan a figurar no artigo 6 e as normas de xestión no artigo 8.

- Así mesmo, o texto recolle unha petición do Servizo de Inspección de Servizos Comunitarios e Inclusión Social da Secretaría Técnica de Política Social da Xunta de Galicia, para aclarar a cota máxima de participación e a redución da cota respecto das persoas usuarias que reciban o servizo na modalidade de dependencia ou na de libre concorrência, na que suxire que se mellore a redacción dada respecto da suspensión ou da interrupción do servizo. As ditas suxestións trasládanse aos apartados 3 e 4 do artigo 6 e aos apartados 3 e 6 do artigo 8.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

A normativa de aplicación en relación co asunto de referencia é a seguinte:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

- Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria (LXT).

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).

- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (Lei de transparencia).

- Regulamento do Órgano para a Resolución das Reclamacións Económico Administrativas.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Potestade regulamentaria

De acordo co establecido no artigo 4.1 a) e b) da LBRL correspóndelles aos municipios, na súa calidade de administracións públicas territoriais, e dentro da esfera das súas competencias, as potestades regulamentaria e tributaria.

A potestade regulamentaria en materia tributaria, tal e como a regula o artigo 106.2 da mesma norma, exércese a través de ordenanzas fiscais reguladoras de tributos propios e de ordenanzas xerais de xestión, recadación e inspección. No mesmo sentido, pronúnciase o artigo 15.3 do TRLRFL.

Polo que se refire á aprobación da modificación da ordenanza fiscal obxecto deste expediente, o artigo 16.1 do TRLRFL establece que “os acordos de aprobación das ordenanzas fiscais deberán adoptarse simultaneamente aos de fixación dos elementos regulados naquelas”.



2.- Análise da modificación proposta

Respecto do artigo 2, **onde dicía**:

“ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE E OBRIGA DE CONTRIBUÍR:

Constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación dos servizos seguintes:

A. Axuda a domicilio nas súas tres modalidades: básico ou de libre concorrência, dependencia e por urxencia sobrevinda.

B. Axudas técnicas.

C. Teleasistencia.

D. Comida a domicilio”.

Agora quedaría redactado así:

“ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE E OBRIGA DE CONTRIBUÍR:

Constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación dos servizos seguintes:

“A. Servizo de axuda no fogar nas distintas modalidades.

B. Servizos complementarios de axuda no fogar (axudas técnicas ou profesionais)”.

Respecto do artigo 3, a nova redacción consiste na supresión da configuración do suxeito pasivo como solicitante e na indicación de que no caso de que a persoa receptora da prestación non teña capacidade de obrar pasará a ser suxeito pasivo o representante legal desta.

Respecto do artigo 5, relacionado coas tarifas, a modificación da redacción consiste en:

Apartado 1. Suprimir o extracto que dispón “en calquera das tres modalidades sinaladas no art. 2.A)”.

Apartado 2. Suprimir o extracto que dispón “de dependencia (segundo ou establecido no apartado 9.5 da Ordenanza Reguladora do Servizo de axuda a Domicilio: guindastre, cama articulada, podoloxía etc.)”.

Apartado 3 e 4: Suprimir os apartados na súa totalidade.

O antigo apartado 5 pasa a ser o novo apartado 3, cunha nova redacción, suprimindo o extracto que di “*excepto para o apartado 4 no que a tarifa será de aplicación íntegra en todos os casos*”. Nova numeración para o subapartado 5.1, que pasa a ser o subapartado 3.1., cunha nova táboa respecto da capacidade económica en referencia co IPREM e cos graos. Nova numeración e redacción para o subapartado 5.2, que pasa a ser o subapartado 3.2., e que fai referencia á táboa de copagamento dos servizos complementarios do servizo de axuda no fogar.

O contido do último apartado do antigo artigo 5, denominado “*Normas para a aplicación das tarifas*”, incorpórase con cambios nun novo **artigo 6**, “*Normas de aplicación das tarifas*”, introducindo as achegas do Servizo de Inspección de Servizos Comunitarios e Inclusión Social da Secretaría Técnica de Política Social da Xunta de Galicia, de tal forma que os apartados 3 e 4 quedarían redactados da seguinte forma:



“6.3.- En ningún caso a participación económica da persoa usuaria que reciba o servizo pola modalidade de dependencia poderá exceder do 90 por cento do custo de referencia do servizo prestado. No caso das persoas que accedan ao servizo pola modalidade básica establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

6.4.- No caso das persoas que reciban o servizo de axuda no fogar pola modalidade básica, a Xunta de Goberno Local poderá autorizar a redución, previo informe xustificativo dos Servizos Sociais, de ata o cento por cento do importe da cota a ingresar por cada persoa beneficiaria, para aquelas situacións que recolle o punto 2 do artigo 62 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento”.

Introdúcense dous novos apartados, o número 3 e 4, no artigo 7, que quedaría redactado desta forma:

“7.3.- Cando por causa debidamente xustificada a persoa usuaria deixe de recibir o SAF, o suxeito pasivo estará exento de aboar a cota mensual desde a data que se estableza na resolución acordando a suspensión. A suspensión da cota durará ata o primeiro día no que teña lugar a reincorporación da persoa usuaria ao servizo, procedendo ao rateo da cota da mesma forma que no inicio da prestación.

7.4.- Tamén se rateará a cota mensual nos supostos de baixa no servizo, que será efectiva dende a data que conste na resolución de finalización daquel”.

No artigo 8 introdúcense matices nos apartados 3 e 6.

A maiores, fanse melloras de carácter lingüístico.

3.- Procedemento

En canto ao procedemento de aprobación é de aplicación o previsto nos artigos 15 a 19 do TRLRFL. Os acordos provisionais de imposición e ordenación adoptados pola corporación someteranse á exposición pública por un prazo de 30 días hábiles, como mínimo. Igualmente, publicaranse os anuncios de exposición no BOP e nun diario dos de maior difusión da provincia da Coruña. Durante este prazo, aquelas persoas que teñan a condición de interesadas poderán examinar o expediente e presentar cantas reclamacións estimen oportunas.

Finalizado o período de exposición pública, o Concello adoptará o acordo que proceda, resolvendo as reclamacións presentadas e aprobando a redacción definitiva da modificación da ordenanza. Naqueles casos nos que non se presentaron reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

En todo caso, o acordo definitivo, incluíndo o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza ou da súa modificación, deberán publicarse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo a dita publicación.

Así mesmo, elaborouse un informe económico, de conformidade co artigo 25 do TRLRFL, que establece: “... Os acordos de establecemento de taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público, ou para financiar total ou parcialmente os novos servizos, deberán adoptarse á vista de informes técnico-económicos nos que se poña de manifesto o valor de mercado ou a previsible cobertura do custo daqueles, respectivamente. O dito informe incorporarase ao expediente para a adopción do correspondente acordo”.



4.- Competencia

En canto aos órganos competentes, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, previo ditame do Tribunal Económico Administrativo Municipal (artigo 137.1 b da LBRL e 2.b do Regulamento do TEAM), a aprobación do proxecto de modificación das ordenanzas fiscais (artigo 127.1. a) da LRBRL). Finalmente, correspóndelle ao pleno da corporación municipal a aprobación das ordenanzas fiscais (artigo 123.1.d da LBRL), por maioría simple de votos, de acordo co establecido no artigo 123.2 da LBRL.

Consta no expediente certificado do acordo de aprobación do proxecto de modificación da citada ordenanza, levado a cabo na sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local celebrada o 29.10.2025. Consta, así mesmo, ditame favorable do Tribunal Económico Administrativo Municipal, emitido o 29.10.2025.

Finalmente, correspóndelle ao pleno da corporación municipal a aprobación das ordenanzas fiscais (artigo 123.1.d da LBRL), por maioría simple de votos, de acordo co establecido no artigo 123.2 da LBRL.

En consecuencia, propónse **ao pleno da corporación municipal** que, previa deliberación e exame do expediente, proceda á adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal número 18, reguladora da taxa pola prestación de servizos do catálogo de servizos domiciliarios, co texto que figura no anexo deste documento.

SEGUNDO: Someter a información pública o acordo precedente, mediante publicación no Taboleiro de edictos do Concello e a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, así como nun dos diarios de maior difusión da provincia, coa finalidade de que as persoas interesadas poidan, durante un prazo de trinta días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación, realizar as alegacións e suxestións que consideren oportunas, deixando constancia expresa de que se durante o citado trámite non se presentase ningunha, o acordo de aprobación inicial se elevará a definitivo de forma automática.

TERCEIRO: Facultar á alcaldesa presidenta, tan amplamente como en dereito sexa posible, para garantir a plena efectividade do presente acordo.

A Coruña, na data da sinatura dixital deste documento electrónico

Rosario Carballo Gómez

Xefa do Servizo de Xestión Tributaria

Manuel Ángel Jove Losada

Director da Área de Economía e Facenda

José Manuel Lage Tuñas

Concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica



Anexo: **PROPOSTA DE TEXTO A APROBAR**

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 18, REGULADORA DA TAXA **POLA** PRESTACIÓN DE SERVIZOS DO CATÁLOGO DE SERVIZOS DOMICILIARIOS

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e **polo** artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Concello da Coruña, de conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establece a **taxa pola** prestación **de servizos** do catálogo de servizos domiciliarios, á que se refire o artigo 20.4 do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas se acomodan ao establecido no artigo 57 do real decreto lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE E OBRIGA DE CONTRIBUÍR

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos seguintes:

- A. Servizo de axuda no fogar nas distintas modalidades.
- B. Servizos complementarios de axuda no fogar (axudas técnicas ou profesionais).

ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas **que resulten** directamente beneficiadas pola prestación dun ou varios servizos, xa sexa con carácter estable ou de forma temporal.

No caso de que as persoas anteriores carezan de capacidade de obrar, a obriga recaerá sobre quen ostente a súa representación legal.

ARTIGO 4. BENEFICIOS FISCAIS

Non serán aplicables outros beneficios fiscais máis **que** os expresamente previstos en normas con rango de lei e os derivados de tratados internacionais.

ARTIGO 5. TARIFAS

1	SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (por hora ou fracción)	13,08
2	SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR	
2.1	Limpeza extraordinaria (por hora ou fracción)	9,27
2.2	Podoloxía (por hora ou fracción)	16,48
2.3	Axudas técnicas (aluguer mensual)	
2.3.1	Cama articulada	46,35
2.3.2	Asento de ducha	5,15
2.3.4	Guindastre	61,80
2.4	Barbería (por hora ou fracción)	
2.4.1	Lavar e peitear	10,30
2.4.2	Corte de pelo	8,24
2.4.3	Lavar, cortar e peitear	16,48
2.5	Outros profesionais (fisioterapeuta, terapeuta ocupacional, etc), (por hora ou fracción)	
2.5.1	Titulados universitarios de grao medio	25,75
2.5.2	Titulados universitarios de grao superior	30,90

3. A efectos de determinar o importe a pagar **polas persoas usuarias**, establécense as seguintes porcentaxes en función da relación dos ingresos co IPREM.

3.1 Sobre as tarifas do apartado 1 **as persoas usuarias** deberán **aboar** as seguintes porcentaxes:



TABOIA DE COPAGO DE SAF NA SÚA MODALIDADE DE DEPENDENCIA			
Capacidade económica (referenciada ao IPREM)	Grao I	Grao II	Grao III
Ata	<=37 h	<=64 h	<=94 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,73 %	14,36 %	21,97 %

Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa usuaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas do servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

TÁBOIA DE COPAGO DO SAF NA SÚA MODALIDADE BÁSICA:	
CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
Menor de 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM	10%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM	20%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	40%
Maior de 2,50 e menor ou igual a 5 IPREM	60%
Maior de 5 IPREM	90%

3.2 Sobre as tarifas do apartado 2 as **persoas usuarias** deberán **aboar** as seguintes porcentaxes:



TÁBOA DE COPAGO SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DE SAF DEPENDENCIA:									
% Capacidade económica (referenciada ao IPREM)	Grao I			Grao II			Grao III		
Ata	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia e terapia ocupacional	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de produtos de apoio ou axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia e terapia ocupacional	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia e terapia ocupacional	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de produtos de apoio ou axudas técnicas
	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

ARTIGO 6. NORMAS DE APLICACIÓN DAS TARIFAS

6.1.- A aplicación das tarifas contidas no artigo 5 efectuarase tendo en conta:

A.- A capacidade económica da persoa beneficiaria.

B.- Os servizos domiciliarios recibidos en función das diferentes unidades de magnitude:

Horas de atención

Número e tipificación das axudas técnicas.

6.2.- A capacidade económica das persoas dependentes valoradas que teñan recoñecido un dereito de atención mediante o servizo de axuda no fogar calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do Título III do Decreto 149/2013, de 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención as persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias na financiación do seu coste, así como na restante normativa de aplicación.

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas das referidas no parágrafo anterior, o Concello regulará o cómputo da capacidade económica de acordo cos criterios establecidos no artigo 60 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e a súa financiación.

6.3.- En ningún caso a participación económica da persoa usuaria que reciba o servizo pola modalidade de dependencia poderá exceder do 90 por cento do custo de referencia do servizo prestado. No caso das persoas que accedan ao servizo pola modalidade básica establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

6.4.- No caso das persoas que reciban o servizo de axuda no fogar pola modalidade básica, a Xunta de Goberno Local poderá autorizar a redución, previo informe xustificativo dos Servizos Sociais, ata o cento por cento, do importe da cota a ingresar por cada persoa beneficiaria, para aquelas situacións que recolle o punto 2 do artigo 62 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

ARTIGO 7. XERACIÓN DA TAXA E PERÍODO IMPOSITIVO

7.1.- Xérase a taxa e nace a obriga de contribuír dende o mesmo día da prestación efectiva do servizo.



Concello da Coruña

7.2.- O período impositivo coincidirá co mes natural e a cota terá carácter non reducible calculándose en función do número de días de prestación efectiva do servizo do mes en que se produce.

7.3.- Cando por causa debidamente xustificada a persoa usuaria deixe de recibir o SAF, o suxeito pasivo estará exento de aboar a cota mensual desde a data que se estableza na resolución acordando a suspensión. A suspensión da cota durará ata o primeiro día no que teña lugar a reincorporación da persoa usuaria ao servizo, procedendo ao rateo da cota da mesma forma que no inicio da prestación.

7.4.- Tamén se rateará a cota mensual nos supostos de baixa no servizo, que será efectiva dende a data que conste na resolución de finalización daquel.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN

8.1.- A xestión da taxa correspóndelle aos Servizos Sociais Municipais segundo o disposto na Ordenanza reguladora do servizo.

8.2.- A alta efectiva no servizo supón a orde irrevogable de domiciliación bancaria dos sucesivos recibos mensuais que se xeren, ata a baixa no servizo e será asinada pola persoa solicitante simultaneamente coa súa solicitude de prestación.

8.3.- A devolución de dúas cotas mensuais consecutivas ou tres alternas no prazo máximo de doce meses consecutivos, determinará a interrupción e posible suspensión do servizo, [previa instrución do expediente correspondente](#).

8.4.- Como consecuencia da alta, o suxeito pasivo darase por notificado das sucesivas liquidacións que se efectúen coas bases acordadas.

8.5.- Mensualmente, o órgano xestor aprobará as liquidacións e remitiralle á Tesourería os documentos e soportes necesarios para o cargo na conta en que estean domiciliados os cobros e o ingreso das cotas nos fondos municipais.

8.6.- Na modalidade básica, a actualización da taxa realizarase en xaneiro. A estes efectos, as persoas usuarias do servizo presentarán anualmente, antes do 1 de decembro, a documentación necesaria relativa ás súas condicións económicas e/ou familiares, sen prexuízo da facultade desta Administración para comprobar e fiscalizar os ingresos declarados polas persoas usuarias.

8.7.- Se se acredita debidamente unha grave situación de perda económica sobrevinda, poderase actualizar a taxa en calquera momento do ano.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, que consta de oito artigos, foi aprobada polo pleno da corporación municipal da Coruña na sesión realizada o 06.11.2025, comezará a rexer aos seis meses da súa publicación no BOP e será de aplicación mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.



NOTA DE CONFORMIDAD DE SECRETARIA GENERAL EN RELACION CON INFORME PROPUESTA EMITIDO POR LA JEFATURA DE SERVICIO DE GESTION TRIBUTARIA Y QUE FIGURA COMO INFORME-PROPUESTA DE CARÁCTER JURÍDICO EN EL EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE LA ORDENANZA FISCAL N° 18 REGULADORA DE LA TASA POR LA PRESTACIÓN DE SERVICIOS DEL CATÁLOGO DE SERVICIOS DOMICILIARIOS.

De conformidad con lo previsto en el artículo 3.4 del Real Decreto 128/2018 de 16 de marzo por el que se regula el régimen jurídico de los funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, que establece en relación a los informes preceptivos y previos, entre otros extremos, que *“La emisión del informe del Secretario podrá consistir en una nota de conformidad en relación con los informes que hayan sido emitidos por los servicios del propio ayuntamiento y que figuren como informes jurídicos en el expediente”*

Visto informe - propuesta emitido por la Jefatura del Servicio de Gestión Tributaria, con la conformidad del Director del Área de Administración General y del Concejál responsable de Economía y Planificación Estratégica, como informe jurídico de propuesta de acuerdo de aprobación inicial de modificación de la ordenanza fiscal para el servicio epigrafiado y toda vez que, tiene un dictamen favorable del TEAM.

Así mismo, a la vista de su fundamentación jurídica, tanto respecto de la normativa legal y reglamentaria de aplicación, así como el procedimiento señalado en los artículos 15 a 19 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, y que se ha seguido el procedimiento establecido y fue aprobado el proyecto de ordenanza previo dictamen del Tribunal Económico Administrativo Municipal por la Junta de Gobierno Local en la sesión de 29 de octubre de 2025.

Se prevé que el asunto sea sometido a dictamen de la Comisión Informativa y a acuerdo del Ayuntamiento Pleno, que requiere mayoría simple, como se señala, de conformidad con los artículos 123.1.d y 123.2 de la Ley 7/1985 de Bases de Régimen Local y por lo tanto de la adecuación a Derecho de la propuesta de acuerdo de aprobación inicial referida, se formula nota de conformidad a los efectos legalmente procedentes, en A Coruña, a fecha de firma electrónica.

El Secretario General del Pleno

D. Manuel José Díaz Sánchez



NOTA DE CONFORMIDADE DE SECRETARIA XERAL EN RELACIÓN CON INFORME PROPOSTA EMITIDO POLA XEFATURA DE SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA E QUE FIGURA COMO INFORME-PROPOSTA DE CARÁCTER XURÍDICO NO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 18 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DO CATÁLOGO DE SERVIZOS DOMICILIARIOS.

De conformidade co previsto no artigo 3.4 do Real Decreto 128/2018 do 16 de marzo polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, que establece en relación aos informes preceptivos e previos, entre outros extremos, que *“A emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes que fosen emitidos polos servizos do propio concello e que figuren como informes xurídicos no expediente”*

Visto informe - proposta emitido pola Xefatura do Servizo de Xestión Tributaria, coa conformidade do Director da Área de Administración Xeral e do Concelleiro responsable de Economía e Planificación Estratéxica, como informe xurídico de proposta de acordo de aprobación inicial de modificación da ordenanza fiscal para o servizo epigrafiado e tendo en conta que, ten un ditame favorable do TEAM.

Así mesmo, á vista da súa fundamentación xurídica, tanto respecto da normativa legal e regulamentaria de aplicación, así como o procedemento sinalado nos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que se seguiu o procedemento establecido e foi aprobado o proxecto de ordenanza previo ditame do Tribunal Económico Administrativo Municipal pola Xunta de Goberno Local na sesión do 29 de outubro de 2025.

Prevese que o asunto sexa sometido a ditame da Comisión Informativa e a acordo do Concello Pleno, que require maioría simple, como se sinala, de conformidade cos artigos 123.1.d e 123.2 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local e por tanto da adecuación a Dereito da proposta de acordo de aprobación inicial referida, formúlase nota de conformidade para os efectos legalmente procedentes, na Coruña, a data de sinatura electrónica.

O Secretario Xeral do Pleno

D. Manuel José Díaz Sánchez



Área / Unidade SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA DIRECCIÓN DA ÁREA DE ECONOMÍA E FACENDA CONCELLARÍA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA RCG	Documento FRA19I0FXL	
Código de verificación  200S 095W 4V3X 3U6C 028Z	Expediente FRA/2025/18	
	DATA 04-11-2025	

ANUNCIO: APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS NÚMEROS 7, 16 E 18 (REGULADORAS DE TAXAS) E DAS ORDENANZAS NÚMEROS 43 E 45 (REGULADORAS DE PREZOS PÚBLICOS), ASÍ COMO APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DAS CONTRIBUCIÓNES ESPECIAIS PARA A AMPLIACIÓN DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS DO CONCELLO DA CORUÑA

O pleno da corporación municipal da Coruña, na sesión de carácter ordinario celebrada o 6 de novembro de 2025, aprobou inicialmente, a modificación das seguintes ordenanzas:

- Modificación da Ordenanza fiscal número 7, reguladora da taxa pola prestación do servizo da rede de sumidoiros.
- Modificación da Ordenanza fiscal número 16, reguladora da taxa pola prestación de servizos nos museos e noutras instalacións culturais do Concello da Coruña.
- Modificación da Ordenanza fiscal número 18, reguladora da taxa pola prestación de servizos do catálogo de servizos domiciliarios.
- Modificación da Ordenanza fiscal número 43, reguladora do prezo público pola prestación de servizos e utilización de instalacións culturais, educativas, de ocio e análogas de titularidade municipal.
- Modificación da Ordenanza fiscal número 45, reguladora do prezo público pola utilización de bens de propiedade municipal.

Así mesmo, aprobou tamén de forma provisional a Ordenanza reguladora das contribucións especiais para a ampliación do servizo de extinción de incendios do Concello da Coruña correspondente ao exercicio 2025.

Os acordos provisionais estarán expostos ao público durante un prazo de trinta días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación no BOP, mediante edicto publicado no Taboleiro de edictos do Concello, coa finalidade de que as persoas interesadas poidan examinar os expedientes e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de conformidade co disposto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. De non presentarse reclamacións no citado prazo, os acordos provisionais elevaranse automaticamente a definitivos e procederase á publicación do texto íntegro das ordenanzas.

Os expedientes administrativos estarán á disposición das persoas interesadas para o seu exame no Servizo de Xestión Tributaria do Concello da Coruña (rúa da Franxa, número 20) e no Taboleiro de edictos da sede electrónica desta Administración municipal: <https://sede.coruna.gal/>

A Coruña, na data da sinatura dixital deste documento electrónico

José Manuel Lage Tuñas
Concelleiro da Área de Economía e Planificación Estratéxica



Concello da Coruña

Área / Unidad ACTIVIDAD CORPORATIVA SG1000 PSL	Documento 12319I00FB	Certificación asunto 9 PLO 06.11.2025
Código de verificación  5D4P 354Q 3U17 0J1G 01NH	Expediente 123/2025/12	
	Fecha 06-11-2025	

Manuel José Díaz Sánchez, Secretario xeral do Pleno do excelentísimo Concello da Coruña,

Expediente FRA/2025/18

Aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal número 18, reguladora da taxa pola prestación de servizos do catálogo de servizos domiciliarios.

CERTIFICO que o Excmo. Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 6 de novembro de 2025 adoptou os seguintes acordos, nos propios termos do ditame da Comisión Informativa e coa motivación *in aliunde* do informe proposta do Servizo, de conformidade co art. 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, co voto a favor dos grupos municipais dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos) e do Bloque Nacionalista Galego (4 votos), e o voto en contra do Grupo municipal do Partido Popular (12 votos):

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal número 18, reguladora da taxa pola prestación de servizos do catálogo de servizos domiciliarios, co texto que figura no anexo deste documento.

Segundo: Someter a información pública o acordo precedente, mediante publicación no tablón de edictos do Concello e a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, así como nun dos diarios de

Manuel José Díaz Sánchez, Secretario general del Pleno del excelentísimo Ayuntamiento de A Coruña,

Expediente FRA/2025/18

Aprobación inicial de la modificación de la Ordenanza fiscal número 18, reguladora de la tasa por la prestación de servicios del catálogo de servicios domiciliarios.

CERTIFICO que el Excmo. Ayuntamiento Pleno, en sesión ordinaria celebrada el día 6 de noviembre de 2025, adoptó los siguientes acuerdos, en los propios términos del dictamen de la Comisión Informativa y con la motivación *in aliunde* del informe propuesta del Servicio, de conformidad con el art. 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, con el voto a favor de los grupos municipales de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos) y del Bloque Nacionalista Galego (4 votos), y el voto en contra del Grupo municipal del Partido Popular (12 votos):

Primero: Aprobar inicialmente la modificación de la Ordenanza fiscal número 18, reguladora de la tasa por la prestación de servicios del catálogo de servicios domiciliarios, con el texto que figura en el anexo de este documento.

Segundo: Someter a información pública el acuerdo precedente, mediante publicación en el tablón de edictos del Ayuntamiento y a través de anuncio en el Boletín oficial de la provincia de A Coruña, así como en uno



Concello da Coruña

maior difusión da provincia, coa finalidade de que as persoas interesadas poidan, durante un prazo de trinta días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación, realizar as alegacións e suxestións que consideren oportunas, deixando constancia expresa de que se durante o citado trámite non se presentase ningunha, o acordo de aprobación inicial se elevará a definitivo de forma automática.

Terceiro: Facultar á alcaldesa presidenta, tan amplamente como en dereito sexa posible, para garantir a plena efectividade do presente acordo.

